


Lois Tobío, un Galego de lei



Lois Tobío, un Galego de lei




Xulio Ríos



© dos textos: Xulio Ríos

© da publicación:



Edita:




Coodinación: Xosé González Martínez
Carme Pérez Vaquero

Deseño e maquetación: Pío García

Imprime: Deputación de Pontevedra

Depósito legal: VG 366-2015

GALEGUIZAR GALICIA



PRÓLOGOS

O discurso identitario de Galicia leva máis dun século tentando confluír definitivamente coa modernidade e o progreso. Nese camiño incerto e inzado de encrucilladas no que camiñamos colectivamente cara a un futuro que aínda soñamos singular e xenuíno batemos unha e outra vez coa necesidade de volver a mirada cara ao pasado. Non é este o exercicio museístico e fosilizante de quen anda á procura do *locus amoenus* extraviado ou arruinado co paso dos anos. Trátase, pola contra, de atopar respostas e solucións ás dúbidas e aos atrancos naquelas persoas que algún día anhelaron, coma nós hoxe, unha Galicia próspera e asentada na hora certa da Historia.

Non é estraño que, nese proceso, teñamos que fixar a mirada, unha e outra vez, na figura de Lois Tobío, galego singular que soñou sen límites e proxectou con intelixencia unha Galicia amable, luminosa e próspera, congraciada cos seus valores culturais e identitarios. Xa moi novo expresou a súa vontade de ditar leccións insólitas e de abrir horizontes novos. Abundan os exemplos neste sentido nunha biografía repleta de capítulos brillantes, non sendo o menor deles o feito de que el fose quen, por primeira vez

na secular historia da Universidade de Santiago de Compostela, empregase, como profesor, o galego nas aulas de Dereito alá pola década de 1930. Introducía Lois Tobío desta forma un paradoxal signo de modernidade na principal institución académica de Galicia, ao igual que o fixera algúns anos atrás, en 1923, cando participa na creación, sendo aínda estudante, do Seminario de Estudos Galegos, ese grupo de traballo que, fóra do acartonamento do academismo oficial, abordaría, con parámetros empíricos e métodos científicos europeos, a realidade de Galicia para coñecela e incidir positivamente no seu desenvolvemento e progreso.

Este é o Lois Tobío que nos retrata con man precisa e intelixente Xulio Ríos neste bonito e necesario libro. Non podo menos que celebrar e darlle a benvida a unha publicación que nos devolve ao presente unha figura cuxos idearios e coordenadas vitais continúan a estar vixentes, e tanto daqueles coma destas cumprirá tirar leccións para o presente. Quede aquí tamén constancia do meu agradecemento á Irmandade Xurídica Galega por ser, unha vez máis, facho e motor propiciador de iniciativas que teñen por fin

iluminar o camiño que estamos a percorrer no momento presente, nomeadamente o que nos ha levar ao necesario e ineludible destino da galeguización do ámbito da xustiza.

Valentín García Gómez
Secretario Xeral de Política Lingüística

LUIS TOBÍO, QUE SEMPRE EXERCEU DE GALEGO

Luis Tobío foi un intelectual e diplomático que naceu en Viveiro (Lugo) en 1906 e morreu en Madrid no ano de 2003; exerceu sempre de galego alá onde as circunstancias lle obrigaron a vivir, dende Bulgaria a Montevideo ou dende Cuba a Berlín.... Foi un galego de lei, como titula Xulio Ríos a súa biografía.

A súa obra e o seu legado abarcan diversas facetas que el sempre relacionou, dun ou doutro xeito, con Galicia.

Foi un diplomático español, con cargos de responsabilidade en Europa, e un político galeguista e republicano, de traxectoria intachable e xenerosa. Tradutor de poetas franceses e de grandes autores alemáns como Goethe, Rilke, Mann, Brecht. Apaixoado e rigoroso investigador da vida e obra do Conde de Gondomar, o gran diplomático galego. Notable activista cultural, promotor do Seminario de Estudos Galegos, animador da mítica emisión radiofónica Sempre en Galicia na Radio Carve uruguiaia, asesor e alentador do Instituto de Estudos Miñoranos, do Seminario de Estudos Terra de Viveiro... E autor

dunha obra fundamental do xénero memorialístico da literatura galega, *As décadas de T.L.*, e dunha novela en galego *A nova vida*, recentemente publicada.

A súa vida e a súa obra son o mellor exemplo de como se pode ser profundamente galego e rotundamente universal. De como se pode conxugar a capacidade intelectual cos estudos locais. E de como a tradición non é incompatible coa vangarda, nin o progreso e o espírito solidario coa pertenza a unha clase máis ou menos acomodada.

O libro de Xulio Ríos analiza todo isto e converte-se nun traballo imprescindible para coñecer máis e mellor a Luis Tobío Fernández, un intelectual galego de primeiro nivel que viveu e sufriu nas súas propias carnes na súa vida, na súa obra e ata na súa proxección social os avatares do convulso século XX que lle tocou vivir.

Rafael Louzán Abal
Presidente da Deputación de Pontevedra

LOIS TOBÍO: UN XURISTA GALEGO, UN HOME DE LEI

Neste oitavo ano da nosa andaina, volvemos a Santiago de Compostela e ao Pazo de Fonseca non só para incorporar novos irmandiños que compartan con nós a nobre tarefa de defender o uso do galego no mundo do dereito, senón tamén para relembra-la a un insigne xurista que encarna o mellor da nosa tradición.

A chegada de novos colegas á Irmandade é imprescindible para o noso obxectivo de converter o galego en lingua normalizada nos ámbitos das funcións públicas e das profesións xurídicas, con máis razón cando os datos estatísticos máis recentes sobre o uso social da nosa lingua, especialmente nas novas xeracións, non son nada favorables. Neste sentido é conveniente aludir á Declaración institucional da Real Academia Galega do 30 de xaneiro deste ano na que recorda

“Grazas aos esforzos de innúmeras persoas e colectivos e contra os desatinos da historia, o galego conseguiu manterse e soerguerse, superando séculos de marxinação e décadas de persecución. Nunca

agradeceremos dabondo a xenerosidade, a afouteza e a visión de futuro de moitos galegos e galegas que foron quen de rescatar o noso idioma da prostración e de facelo pular nos distintos ámbitos, da creación literaria aos medios de comunicación, o ensino ou os diversos ámbitos profesionais.”

e chama a atención sobre o feito de que “Con todo, os datos estatísticos recentemente publicados veñen apuntar un preocupante retroceso do seu uso nos últimos anos, especialmente entre as novas xeracións, agravando unha tendencia histórica que pode conducilo á decadencia.”

Estamos de acordo nos dez puntos que contén a antedita declaración da Academia e especialmente naqueles que nos atinxen máis directamente, como son:

1. O Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade en 2004 un Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega que viña concretar as previsións da Lei de Normalización Lingüística. É responsabilidade do goberno galego asumilo, poñendo en marcha as medidas previstas nel dun xeito programado, verifi-

cable e suxeito a avaliación. Non se pode demorar por máis tempo o momento de emprender iniciativas concretas con prazos precisos. Instamos a que o mesmo consenso político que posibilitou a aprobación da Lei e do Plan citados impulse agora a súa plena e eficaz implementación. ...

4. A Universidade é o ámbito principal de formación de profesionais e da investigación do país. As universidades galegas están obrigadas a facer un esforzo a prol do galego na docencia e a fomentar as liñas de investigación en diversas áreas que contribúan ao seu pleno desenvolvemento como idioma útil e capaz de afrontar os desafíos do século XXI. ...

6. O desempeño do galego no ámbito empresarial, sindical, comercial, profesional e publicitario está moi por debaixo da súa utilización na vida real da maioría da poboación. Animamos as empresas, sindicatos, colexios e colectivos profesionais a que se adapten debidamente ao uso lingüístico de clientes, usuarios e públicos a quen dirixen os seus servizos. ...

7. As institucións públicas deben garantir que os cidadáns e cidadás poidan ser atendidos en galego, e

para isto é imprescindible recuperar un nivel proporcionado de esixencia de coñecemento e de emprego profesional del. Cómpre que o galego sexa debidamente requirido e valorado nas probas de acceso e promoción na función pública. ...

10. A sociedade galega leva investido unha gran cantidade de recursos, enerxías e ilusións na tarefa de normalizar o idioma propio. Ese esforzo non pode derramarse. A responsabilidade de seguir abríndolle o camiño é de todos e todas nós, pero son as institucións públicas e nomeadamente o goberno galego, as que contan cos recursos máis poderosos e os instrumentos máis eficaces para conseguilo, ademais de estaren legal e moralmente obrigadas a facelo. Urxe unha reflexión seria, cómpre un novo impulso para evitar o desafiuzamento do galego da súa propia casa, Galicia. Un marco normativo máis axeitado, pero sobre todo, un discurso renovado, positivo e proactivo. Correspóndelle á Xunta de Galicia tomar a iniciativa e liderar o esforzo social para seguirmos avanzando.

A declaración conclúe cun fermoso parágrafo que convén que os irmandiños teñamos presente:

“Unha lingua é un universo de seu, pertence ao mellor saber da humanidade. É unha ponte entre xeracións, un precioso elo coa historia e unha ferramenta valiosísima para o futuro, un medio de comunicación e tamén un recurso con valor emocional e económico. É un ben público, o máis semellante ao ar que respiramos. Temos un tesouro para compartir, sería imperdoable desbaldilo. Ter un idioma propio, orixinal, único, impón a obriga moral e práctica de conservar ese herdo para nós e para toda a humanidade. O galego non é un problema, é unha riqueza que non podemos estragar. Longa vida á lingua galega!”

Coma todos os anos, aproveitamos a ocasión para homenaxear a un xurista galego e divulgar a súa contribución á cultura do noso país. Este 2015 tócalle a vez a D. Lois Tobío Fernández, un insigne persoeiro que viviu practicamente ao longo de todo o século XX e que xunta na súa persoa e na súa biografía os múltiples avatares que sufriu o noso país nos últimos cen anos.

D. Lois Tobío, cando aínda era un xove estudante da carreira de dereito tivo a singular ocasión de participar na fundación do Seminario de Estudos Gale-

gos xunto co mellor dos intelectuais daquel tempo e pouco tempo despois, cando era profesor na facultade de dereito da Universidade de Santiago, participou na fundación do Partido Galeguista e na redacción do anteproxecto do Estatuto de Galicia de 1932 para logo incorporarse á carreira diplomática e ao servizo do Goberno da República. Trala guerra e durante un duro exilio, seguiu a traballar pola cultura galega en La Habana, Montevideo e Bos Aires, especialmente na creación do Consello de Galicia en 1945 e a organización do I Congreso da Emigración Galega en 1956.

O seu inmenso saber e curiosidade intelectual levárono a terreos tan singulares como realizar a primeira tradución ao galego da “Teoría do Estado” de Hermann Heller, o Fausto de Goethe, o teatro de Bertolt Brecht ou as obras de Rilke e dos poetas románticos ingleses e surrealistas franceses.

Como D. Xulio Rois salienta na súa biografía, da súa paixón pola defensa da lingua galega dá unha boa idea o feito de que no ano 1933 escribira o pequeno ensaio titulado “Por que debemos falar en galego”, que se publicou no suplemento da revista Nós de

xullo daquel ano. Alí define o idioma como a máis xurdia expresión da alma colectiva de Galicia e preconiza que o labor de erguemento social da lingua constitúe a nosa aportación ao progreso e á cultura do mundo, concluíndo cun chamamento a empregar o galego a cotío en público e en privado. En resumo, un xurista de pro e un home bó e xeneroso que servir de exemplo para todos nós.



PRESENTACIÓN

Lois Tobío Fernández (Viveiro, 1906 – Madrid, 2003) é parte inseparable desa xeración que no pasado século, partindo do mundo inicial da cultura, exhibiu un forte compromiso con Galicia e, ao tempo, unha vocación profesional e ética dotada dun intenso rigor. Hai en Tobío, ademais, especificidades que compoñen e que o definen como unha voz singular no seu tempo, circunstancia que o habilitaría para participar de forma activa en feitos da nosa historia recente que cómpre coñecer e reivindicar.

Ante todo, Tobío interesa á Galicia actual porque tamén nel podemos atopar esa busca permanente das ideas mais avanzadas e coas que aspira a estar en sintonía, sinalando unha amplitude de miras integradora e de orientación colectiva, ben afastada das caracterizacións dos tempos mais recentes nos que todo parece tender a contraponerse en vez de sumarse. Tobío proporciona as claves para enxergarnos no mundo presente sen por iso desdebuxar a nosa forma de ser.

En tempos de grandes intelixencias e de grandes esperanzas, Tobío e aquela xeración son expoñentes dunha dobre confianza: primeiro, nas posibilidades

dun país que comezaba a dar un salto cualitativo no desenvolvemento da súa identidade; segundo, no facer colectivo, incorporando disciplinas e bagaxes nos mais diversos eidos coa vontade clara de servir ao país e as súas xentes.

Tobío, como aqueles coetáneos que o acompañaron no seu periplo vital dende os anos mozos, foi expoñente dunha xeración de grande cultura e o seu legado é unha crónica de procesos que, pese a tantos avatares, resaltan a lealdade e fidelidade aos seus ideais.

A andaina vital de Lois Tobío cubre todo o século vinte. De fasquía en aparencia distante pero sempre amable e accesible a nada que se trataba, reflexivo e serio pero sempre disposto a entusiasmarse con cordialidade e paciencia, foi unha desas individualidades excepcionais que só de tarde en tarde agroman no noso país. Tobío pertence a unha xeración de humanistas e renacentistas que todo o deron por servir a Galicia dende todos os saberes e situacións. E foi Tobío un home dunha madeira especial, traballador incansable e abnegado, militante ao cen por cen nas cousas do país, en todo o que sentía no máis fondo,

comprometéndose sempre no que cría. Pese á ignorancia que hoxe aínda existe sobre a súa figura, é unha voz esencial para comprender algúns feitos da nosa historia contemporánea.

Metódico e constante, de hábitos disciplinados, amigo dos paseos e das lecturas, do pracer da conversa cos amigos ou en familia, posuidor dunha rica vida interior pero entrañable a pouco que se derrubaran as primeiras barreiras da distancia e o descoñecemento, Tobío foi un home bo e xeneroso, sempre lúcido e leal, con sentido colectivo do seu facer, cosmopolita e culto, coherente coas súas ideas primeiras que nunca abandonou por comenencias de ocasión. Fuxía dos barullos e nunca andaba á procura de medallas. Esa honestidade intelectual, tan admirada polos máis próximos, forma parte inseparable do seu legado.



1/RETALLOS BÁSICOS DA SÚA BIOGRAFÍA

Lois Tobío naceu nun ambiente familiar culto e liberal. O seu pai, cualificado polo propio Tobío como un home de universal curiosidade, un enciclopedista como os de antano, aficionado á música –tocaba a fruta- e ao teatro e amante do coidado dos xardíns, era o mestre de Viveiro, e formárase en Santiago e na Institución Libre de Enseñanza, en Madrid, amosando gran simpatía polas correntes de renovación pedagóxica de finais do século XIX e comezos do XX. Tobío deixou escrito que o seu pai, no seu senso cívico, debía moito á Institución.

O seu pai foi tamén membro correspondente da Real Academia Galega (RAG). Compuxo poesías en galego e castelán que recolleu en tres libríños. Un soneto dedicado a Pastor Díaz sería lido por el mesmo cando a RAG se reuniu en Viveiro para conmemorar o centenario do nacemento de quen fora ministro de Estado no goberno de Leopoldo O'Donnell durante o reinado de Isabel II.

No Convento de San Francisco, onde estaban as escolas e a vivenda do mestre, viviu Tobío os seus primeiros anos, anos que lle marcaron moitísimo segundo conta nas súas *Décadas*, unhas memorias que

acreditan un dos seus dons naturais, o de contar. Era unha casa ampla e fermosa, ubicada nun ángulo do edificio, cunha vista sobexa para a ría pola que vía entrar e saír os barcos que atracaban perto da ponte, unha ría e un mar que tanto estrañaría anos adiante.

O vínculo con Viveiro venlle a Tobío pola familia da nai, dunha vella xinea fidalga, os Pardo Vaamonde. O seu pai chegaría a Viveiro en 1892 para tomar posesión da súa praza como mestre.

O Viveiro da infancia de Lois Tobío, a pesar de padecer con intensidade (como moitas outras vilas do país nesa altura) un forte proceso de “señorización” que animaba en certos sectores sociais á deserción idiomática e ao alleamento cultural, deulle así e todo, en palabras de Emilio Xosé Insua, a oportunidade de zugar desde o berce con intensidade a presenza da nosa lingua.

Por outra banda, na ben abastada biblioteca paterna, o neno Tobío iniciouse precoz na lectura e axiña debullou devotamente os versos de Rosalía e mais os de Curros a través dos exemplares da “Biblioteca Gallega” de Martínez Salazar. Gozaba cos contos

de Andersen e de Perrault e algunhas noveliñas románticas como “Graziella” que formaban parte da “Biblioteca Universal”. Os contos de Calleja, naqueles anos, eran igualmente lecturas comúns entre os cativos.

Nas súas *Décadas*, Tobío describe aquel Viveiro da súa infancia como se aínda o estivera percorrendo, andando polas súas prazas e rúas, inventariando vivenda a vivenda, tenda a tenda, persoa a persoa, con nome e apelidos, e dando conta dos detalles mais inverosímiles, desde os andares dos pequenos cabalos do país ata os romances daqueles cegos que cantaban nos días de feira. Nese Viveiro gozaría da primeira película da súa vida, *Quo Vadis*.

Para el, os anos da infancia en Viveiro “foron dez anos máxicos, cheos de marabilla, como vivir no paraíso”, di nas memorias, anos cheos dunha gran riqueza de matices, vivencias, persoas e xogos.

Carlos Nuevo Cal ten sinalado a permanente influencia da súa vila natal na existencia de Tobío. A pesares do curto espazo de tempo que viviu nela, foi quen de manter regularmente a súa relación coa vila e as súas

xentes, que puido retomar trala longa paréntese da guerra e o exilio. Nos anos sesenta do pasado século, cando retorna a Viveiro segue o pulso da transformación da vila, que nun primeiro momento non atopa aínda moi cambiada pese a ter pasado unha chea de anos, percorrendo os lugares da súa infancia e visitando a tantos parentes. Mais adiante, incomodáíao especialmente os recheos da ría e denunciou vivamente a insensibilidade dos que permiten que se destrúan os sinais de identidade, protestando con toda enerxía ante a proliferación de tanto adefesio.

Un dos primeiros traballos que Tobío preparou para o Seminario de Estudos Galegos (SEG), ten lembrado Francisco Luís Rodríguez Guerreiro, refírese a un preito que tivo Pastor Díaz no Colexio de Fonseca onde era familiar. Outro ensaio foi publicado no Boletín da Academia Galega sobre dona María Sarmiento de Ribadeneyra, a fundadora en Viveiro do Colexio Seminario. Non foron as únicas investigacións con Viveiro como referente. Sendo estudante en Santiago, Tobío aproveitaba as estadias de verán na vila para facer pescudas históricas ao tempo que poñía en orde parte do abandonado Arquivo Municipal, pese

á hostilidade e tirria do entorno do entón cronista oficial.

Nas súas memorias describe maxistralmente as peculiaridades de cada celebración e os seus contrastes, e tamén os indispensables complementos gastronómicos (especialmente no Nadal e no Antroido), con filloas, sopas de navallas, biscoitos, pastelóns de pito e demais. O San Xoán ou os Maios eran para el momentos de grande celebración, intensa e alegre, se ben a festa preferida era a de San Pantaleón, a finais de xullo, sen desmerecer as procesións e mais as novenas da Semana Santa.

Para que puidera cursar os estudos de Bacharelato, dado que daquela non había instituto en Viveiro, a familia decide trasladarse a Santiago. Na capital de Galicia, Tobío foi simultaneando os seus estudos oficiais con clases de francés e alemán, feito pouco habitual naquel momento. Magnífico estudante, dubidaba entón se estudar Dereito ou Medicina (carreira onde si era obrigatorio o coñecemento de alemán). Gustaba das Matemáticas, pero tamén sentía devoción por Filosofía e Letras. Finalmente, acabaría decidíndose por Dereito.

Tobío visitara Santiago por primeira vez a unha idade moi temperá. Tiña tres anos, en 1909, cando se achegou cos seus pais para gañar o xubileu do Ano Santo e para que os parentes do seu pai, que vivían na Mahía, coñecesen a nai e mais a el.

O mundo da Mahía, onde Tobío pasaría tamén algunhas tempadas de verán mentres estudaba bacharelato en Santiago, reveloulle un universo novo, unha vida diferente da que ata entón coñecera (con ambientes vilego e mariñeiro). Aquel entorno da Mahía era o mundo labrego, gozando coa variante da súa fala e da liberdade que había no trato entre rapaces e rapazas.

Xa universitario, mentres estudaba, Tobío participaba nas tertulias do Café Español, unha pequena ágora pola que circulaban tamén os que estaban de paso: Blanco Amor, por exemplo, acompañando como guía a un barón alemán de viaxe por España. Nesas tertulias falábase de todo, pero, sobre todo, de política “sen pontífices nin mandaríns”. Tamén na librería de Arturo Cuadrado, na rúa da Calderería, por onde igualmente chegarían a pasar Anxel Fole,

Luís Manteiga, Álvaro Cunqueiro, Maside, Colmeiro, Eiroa, Camilo Díaz Baliño ou Luís Seoane...

Naquela mocidade, sempre ávida de saberes e con grande interese por estar ao día en todos os campos, advertía Tobío unha certa polarización segundo que se dese a precedencia aos problemas de Galicia ou aos de horizonte mais amplo e xeral e aos do Estado español. A fronteira entre os dous sectores non era rixida e pechada senón fluída pero Tobío, que estaba na banda dos galeguistas, relacionábase con uns e con outros “porque non se trataba de capelas pechadas senón de grupos abertos”, unha posición bisagra que caracterizaría o seu comportamento intelectual e persoal de por vida.

Con fonda sensibilidade para o mundo das artes, a estadía en Santiago permitiríalle tamén abrirse a novas dimensións da cultura musical da man de Xesús Bal, e a afición cultivada polas cancións e a música en xeral acompañaríao toda a súa vida.

Ao rematar a licenciatura, Tobío recibiu o Premio da Fundación Fernández Carril que consistía nunha cantidade de diñeiro que se daba cada ano ao estudan-

te de dereito que se licenciara co mellor expediente. Despois de facer unha proba, obtivo o título de avogado coa cualificación de Sobresaliente e premio extraordinario.

No verán dese ano en que remata a licenciatura pasa unhas semanas na Guarda, na casa do seu amigo Sobrino, con quen viña preparando as oposicións a rexistros e notaría. Alí, no monte de Santa Tegra, aprecia a importancia e valor do celtismo, que sempre defenderá, amosándose escéptico con aqueles críticos que non se decatan de que todo é hipotético na ciencia e que, polo menos, tanto valor ten a tese vella como a deles “que calquera achádego ou testemuña pode esborrallar de sócato”. Dende a Guarda cruzaba a Portugal, onde se sentía como na súa casa, pero “nunha casa enriquecida en que as cousas dadoito estaban como enlevadas, dignificadas, a comezar pola fala”.

Co problema do porvir por diante, a comenencia facía que Tobío seguira a pensar nas oposicións para notarios ou rexistradores, aínda que pouco lle seducían estas profesións. Non obstante, no curso seguinte, 27-28, Joaquín García Labella, catedrático de

dereito administrativo na USC, propúxolle que fose o seu axudante de cátedra. E aceptou. García Labella estaba moi ao día das correntes da ciencia política e administrativa anglosaxona (Laski, entre outros), pois pasara un tempo pensionado en Londres. Morrería asasinado polos franquistas na súa terra, en Granada.

En paralelo, Tobío encargouse de por en servizo a biblioteca da facultade, entón pechada e de uso exclusivo para profesores. Isto supuña unha pequena axuda económica, cousa que non tiña coa axudantía. Tobío deulle unha volta completa e pronto a puxo a funcionar en condicións encomiables, tanto que, aseguraba, cando algún personaxe chegaba de visita á facultade, non deixaban de levalo pola biblioteca, que só recibía louvanzas. Francisco Fernández Del Riego lembra como no outono de 1931, cando o coñeceu, levouno á biblioteca da facultade, Dereito que dirixía para familiarizalo coas lecturas de Adam Smith e os fisiócratas. E despois ao Seminario de Estudos Galegos, ao que quedaría ambos os dous vencellados para sempre.

En xaneiro de 1928, Tobío incorporouse ao servizo militar (daquela duraba nove meses), no rexemento

de artillería do Hórreo, preto mesmo da súa casa, onde podería comer e durmir. A elección de artillería (e non infantería, poñamos por caso, que tamén podería ser) tiña un motivo de fondo: non había moito os oficiais desta arma revoltaranse contra Primo de Rivera, aínda que por cousas de escalas e privilexios corporativos. Tobío debeu bregar co sarxento de quenda que facía as tallas pois dicía que non a daba e debeu recorrer a un familiar para “convencelo” do contrario. Facendo diversos cursos complementarios, Tobío foi pasando a cabo e despois a sarxento e, finalmente, a suboficial, graduación coa que rematou o servizo, unha etapa que valorou como, en conxunto, beneficiosa polo que puido coñecer de “aspectos do vivir ata entón ignorados”, ollando o mundo militar por dentro coas súas esixencias e absurdos. Foi aquí precisamente que aprendeu a tratar e a amar os cabalos, unha afición que o acompañaría sempre a partir de entón. Aprendeu a montar con “Edipo”, que así se chamaba o seu pedrés, un pouco vello pero aínda azoso, dicía.

Tobío seguiu en Santiago os turbulentos movementos que seguiron á dimisión de Primo de Rivera en

xaneiro de 1930 ata recibir con xúbilo o cambio de réxime o 14 de abril do ano seguinte, circunstancia que afectará á universidade de Santiago ao asumiren diversos profesores algúns cargos de responsabilidade no novo goberno.

Daquela, Tobío e outros encetaron unha misión pedagóxica polas terras próximas a Santiago para expoñer as bases e vantaxes do novo sistema sen caer en confesionalismos partidistas. Esas charlas, impartidas en galego, tiveron moito éxito e infundiron nel a esperanza de que os anxeios dos galeguistas poderían ter, ao cabo, “cumprido fin”, como reza o himno. Era tanta a ilusión que se respiraba naquel ambiente e tan elevado o compromiso cívico e transformador da nosa intelligentsia.

No ano 1931 convocáronse prazas á Carreira Diplomática, que levaban dez anos sen se convocar, e a propia carreira semella abocada a un proceso de reestruturación no marco dos cambios que vivía aquela España republicana. Preséntase ás oposicións con éxito e no ano 1933 incorpórase como secretario á legación da Embaixada de España en Sofía. Permanece alí desde 1933 a 1937, exercendo como diplomático de carreira.

Con estes primeiros vimbios da súa andaina vital, cabe significar que con trinta e poucos anos e con un porvir profesional brillante como diplomático, ou no seu defecto como profesor universitario, a súa vida viuse totalmente truncada pola guerra. A reorientación da súa vida persoal conlevou unha importante dose de sufrimento que supuxo tamén unha notable perda para Galicia que viu severamente coutadas gran parte daquelas esperanzas sustentadas na coraxe e intelixencia dunha xeración irrepetible.



2/ASPECTOS CLAVE DA SÚA TRAXECTORIA VITAL

2.1 Tobío e o mundo do Dereito

Dotado dunha grande memoria e capacidade de estudo, descartadas xa as oposicións a notarías e rexistros como saída profesional, a carreira de Tobío oriéntase primeiramente ao mundo académico. É por iso, ao fin e ao cabo, que irá a Berlín, Alemaña, a completar os seus estudos.

Non obstante, ao seu regreso, como ten recordado a súa filla Constanza, toma conciencia de que facer-se cunha cátedra en dereito administrativo, a súa preferencia inicial, non era moi doado porque había poucas e porque estaban ocupadas na súa maioría por persoas de idade non moi avanzada. Por outra banda, o feito de vivir en Berlín unha temporada, por breve que fose, transformou os seus horizontes, que gañaron en amplitude, espertando nel a curiosidade e o interese por viaxar, por coñecer outras culturas, vivir noutros lugares. Aínda así, primeiramente e en tanto o seu horizonte persoal non se acaba de clarear de todo, gaña unha praza de profesor auxiliar na Universidade de Santiago nunhas moi competidas oposicións.

No curso 1930-31, Tobío encárgase na facultade do curso de Historia do dereito. Era o seu debut como profesor na universidade e quixo facer un curso diferente e ata revolucionario, acudindo a metodoloxías e contidos novos con bibliografía moderna e actualizada e, sobre todo, de orixe alemá. Completou o empeño cun cursiño de Historia do dereito galego que impartiu na nosa lingua aproveitando que xa non había impedimentos para o seu emprego porque chegara a República. Ao remate do curso, os seus alumnos obsequiárono cun pergamiño caligrafado por Enrique Mayer, famoso acebacheiro e gravador da capital galega, cos nomes de todos os seus alumnos debaixo dunha fermosa dedicatoria en latín.

Borobó (1916-2003) lembraba na homenaxe dispensada a Tobío no Ateneo de Madrid en 2001, que xa entón Tobío era un “serio, circunspecto, doctísimo profesor” que sabía alemán, que en Santiago era “o colmo dos saberes”. Todos os Tobío, moi especialmente Jesús, tiñan unha aptitude proverbial para as linguas, lembraba tamén Borobó, quen compara ao noso Lois polo seu talento investigador con figuras como Filgueira Valverde ou Bouza Brey.

Nas súas memorias, Tobío amósase especialmente crítico co ensino oficial da facultade de dereito de entón, “que non ía máis alá de formar profesionais discretos”, con clases “dunha elementalidade que daba pena” en mais dun caso. Destacaba, non obstante, positivamente ao decano, Cabeza de León, ou a Wenceslao González Oliveros, entre outros. Luís Recaséns e García Labella, xunto con Ruíz del Castellano, espertaron en Tobío o interese polo dereito público e a ciencia política que atopaba mais atractivos que o dereito privado ou a esquemática e deshumanizada, di, dureza do dereito penal.

Convertido en flamante profesor axudante de Dereito Administrativo na universidade compostelá, Tobío tratará de romper ese molde alentando a curiosidade e a creatividade. Impartir as aulas en idioma galego nunha institución que, contando entón máis de catrocentos anos de historia, poucas (por non dicir ningunhas) mostras de identificación coa lingua tiña dado era un acto verdadeiramente novedoso e atrevido. Mais aínda se lembramos que no claustro da USC, presidido daquela polo reitor Blanco Rive-ro, exercían a súa hexemonía persoeiros de pensa-

mento político e idiomático reaccionario como o historiador Carmelo Viñas Mey (futuro ideólogo da Falange santiaguesa) ou o facultativo Antonio Novo Campelo.

En 1931, Tobío colle rumbo a Madrid para facer os cursos de doutoramento. Aqueles cursos incluían aulas en tres materias (Política Social, Historia das Institucións Políticas de América e Dereito Municipal), chegando a gozar das dúas últimas e realizando traballos que foron louvados polos seus profesores.

Aquel período de formación complementaria, foi aproveitado por Tobío para seguir de perto todo aquel fervedoiro político e intelectual que era a España de entón, sen perder ocasión de asistir a actos que consideraba de importancia, dende os simposios que acollía a Residencia de Estudiantes ata as tertulias dos cafés onde proliferaba o mundiño literario da capital. Igualmente para afianzar os seus vínculos co galeguismo que bulía na capital madrileña da man dos deputados do partido que lideraba Castelao.

Cando á volta do exilio participaba na celebración en Santiago das Vodas de Ouro 1927-28 da súa promo-

ción de Dereito, Tobío faría unha sentida evocación dos tempos idos, tan diferentes daquel presente.

2.2 Seminario de Estudos Galegos

Mentres estaba na Universidade, naqueles primeiros anos 20, con un grupo de compañeiros e de profesores, Tobío participa na creación do Seminario de Estudos Galegos, unha entidade que pretendía acompañar as novas tendencias de traballo intelectual vindas sobre todo de Alemaña, fomentando o traballo en equipo, a pluridisciplinidade, e outras metodoloxías innovadoras que contrastaban co ritmo vetusto, tradicional e rutinario da universidade de entón. Isto permitiulle trabar unha relación de amizade con figuras como Fermín Bouza Brey, Ramón Martínez López, Manuel Magariños ou Xosé Filgueira Valverde, compañeiros de promoción. O seu inicio no labor cultural é inseparable tamén da publicación dunha revista estudantil, chamada Adral.

O Seminario de Estudos Galegos constitúese en 1923 na casa natal de Rosalía de Castro, autora con quen o propio Tobío estaba emparentado (Rosalía de Cas-

tro viña sendo filla de Xosé Martínez Vioxo, irmán da súa bisavoa María Xosefa, da casa do Castro, en Ortoño). Wenceslao Requejo Buet é quen propón a Tobío sumarse ao proxecto, que pretendía reunir a persoas interesadas nos problemas da cultura, arte, historia ou literatura. Requejo pensaba inicialmente nunha especie de tertulia, e foi Armando Cotarelo quen adiantou os trazos do SEG mais entendido como a escola de investigadores que sería co tempo ademais de espallamento do saber relacionado coa cultura e realidade galegas.

A nova institución, lembra Tobío nas *Décadas*, xermolou con grande pulo pois viñera a ser un catalizador de ideas, sentimentos e arelas que andaban no ar, da sentida necesidade de unir esforzos e estruturalos a prol do desenvolvemento da nosa cultura e, nun sentido mais amplo, do propio país, arrimando o ombreiro deixando a un lado as ideoloxías.

Tobío sentíase particularmente cómodo co traballo de investigación científica levado a cabo polo seminario, que atinxía tamén áreas relacionadas co facer histórico, literario, lingüístico ou político-administrativo. Tobío tiña unha concepción interdisciplinar da

investigación científica e partía da premisa de que esta se desenvolvese aplicada á realidade galega. Por iso, dende o SEG, non só alentaba a pesquisa científica senón tamén a implicación activa no artellamento dun proxecto político para o país. Así, tanto afondaba no estudo da pesca da balea nas nosas costas como no rexurdir da historia da literatura galega, todo formaba parte dun mesmo empeño de dignificación.

O esforzo que despregou o Seminario ate 1936 supuxo o intento máis serio de romper as barreiras e de universalizar a cultura galega, recoñeceu Xosé Luís Axeitos. Ademais, ao promover e fundar, con outros universitarios, o Seminario de Estudos Galegos, Tobío contribuíu decisivamente para instaurar unha práctica rompedora da diglosia reinante: facer e elaborar ciencia, investigación humanística, numismática, artística, etnográfica, filolóxica, sociolóxica... en lingua galega. Produto deste seu compromiso pioneiro foron varios traballos lidos nas sesións do Seminario, algúns deles publicados posteriormente nas páxinas do boletín Nós: "Algunhas moedas castelás atopadas no Valadouro", "A eirexa de Santa Ma-

ría de Viveiro”, etc. Pioneiras do ensaio sobre teoría e socioloxía política feito na nosa lingua son as súas “Refreicións encol do momento aiutal da Galicia” publicadas en novembro de 1931 no mesmo boletín.

Dentro das xeiras do SEG, colaborou ademais na confección dun Vocabulario popular galego-castelán que apareceu no Faro de Vigo e a finais de 1926 ditou un curso de Fonética Galega “en comparanza coa dos demais idiomas peninsulares”, segundo se recollía no boletín ourensán antes citado.

O SEG, como nos lembra Alfonso Mato, pode inscribirse na mesma árbore xenealóxica que iniciou en 1876 a Institución Libre de Enseñanza e que inspirou as mellores empresas culturais da España do primeiro terzo do século XX, como a Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (1907), o Institut d’Estudis Catalans (1907) ou a Residencia de Estudiantes (1910).

Tobío leu o seu traballo de ingreso no SEG, “Algunhas moedas castelás atopadas no Valadouro”, o 24 de novembro de 1923, na segunda sesión que celebrou a institución. Na primeira, fora nomeado secre-

tario de actas, cargo que exerceu ata marzo de 1928. Durante os catro primeiros cursos, que coinciden cos seus estudos da licenciatura de Dereito, Tobío foi un dos membros máis activos do Seminario, xunto co por entón secretario de Información e Correspondencia e logo censor e secretario xeral, Xosé Filgueira Valverde, con quen redactara os estatutos da institución, segundo sinalaba Diego Saavedra y Aguilar nunha información publicada no diario Galicia (13 de abril de 1924).

Será nestes anos de estudante cando Tobío realizará a maior parte dos seus traballos no SEG, ademais do común a todos os socios e dos que lle correspondían como integrante da Xunta Directiva. As súas investigacións históricas serán publicadas no Boletín da Academia, en Nós e nos Arquivos do Seminario, e aparecen reseñados nos restos da documentación do SEG que se gardan actualmente no Instituto "Padre Sarmiento".

Aquel labor era simultaneado por Tobío coa participación en diversas tertulias sobre literatura, arte ou política no Café Español, audicións musicais e lecturas públicas de obras inéditas de autores novos e

tamén privadas, amosando a súa devoción polos novelistas rusos ou os poetas malditos franceses. Non había fronteiras para el. O compromiso co rexurdido do noso nunca estivo no seu maxín en contradición coa apertura a outros mundos que enriquecían o seu saber e os seus puntos de vista.

Xa licenciado e con novas ocupacións profesionais (axudante de cátedra de Joaquín García Labella), Tobío sigue asistindo ás sesións do SEG, facendo doazóns para a súa biblioteca e o museo, participando mesmo en xeirias de estudo como a realizada á comarca de Melide no verán de 1929. En Berlín, Tobío realizaría igualmente tarefas para o Seminario, iniciando contactos e promovendo o intercambio de publicacións co Romanisches Seminar.

A finais dos anos vinte e comezos dos trinta, o SEG era todo entusiasmo e optimismo, desenvolvendo un labor serio e desinteresado guiado polo amor á nosa Terra. Pouco a pouco íría gañando eco e apoios e tamén prestixio coas súas publicacións. Tobío, pensador intelixente e sagaz intérprete da liña ideolóxica galeguista, transmitía confianza no propio esforzo aos mais novos daquela época. Del Riego lembrou

sempre con saudade os paseos con Tobío polas rúas de Santiago e nas aforas, nos que lle ofrecía unha visión de Galicia con “claridade de ideas, solidamente trabadas e desenvolvidas cun grande maxisterio”. Tobío diría tamén del que tiña unha gran enerxía e as cousas moi claras, non tardando en arder nel a chama do galeguismo, interesándose entón pola ciencia económica. Tamén simpatiza Tobío especialmente con Carballo Calero: serio, metódico e activo, dunha entrega total a Galicia nos eidos da filoloxía, pero tamén como poeta, novelista, historiador e crítico.

Membro do Consello Director e conselleiro permanente, Tobío asumiu a dirección da Sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas. Coa restauración da democracia e posterior refundación da institución, voltaría de novo sobre os seus pasos ao aceptar a presidencia do Consello do novo Seminario. Sempre estaba disposto para participar daquello no que sempre creu.

2.3 A experiencia alemá: Tobío e Hermann Heller

A idea de participar nunha convocatoria para acceder a unha beca de estudos en Alemaña foi cousa dos catedráticos García Labella e Recaséns. Por circunstancias da vida e presións diversas, a contía da beca debeu partirse pola metade para non desconsiderar a outro pretendente (Otero Goyanes), quen contaba con importantes apoios e acabaría sendo auditor militar e fervente animador de consellos de guerra na contenda civil.

Tobío embarcou en Vigo no Cap Arcona, un fermoso barco alemán, pero en terceira, en condicións bastante miserentas. En Hamburgo tomou o tren para Berlín e nada mais chegar tomou contacto con Felipe Fernández Armesto, quen xa entón colaboraba co diario barcelonés *La Vanguardia*. Tamén trabou entón contacto con Francisco Ayala, sendo os dous anfitrións e guías amables de Tobío nos seus primeiros pasos pola capital alemá. Tobío lembraría sempre como “do pequeno e calmo Santiago” chegaría ao “gran Berlín”, daquela un dos centros de máxima tensión espiritual do mundo, un fervedoiro de saber e de arte, “sen tan sequera ter pasado denantes por

Madrid". E mais adiante confesará que en moitos sitios de España habería sentirse mais alleo do que na propia Alemaña.

Tobío gozou intensamente do ambiente berlinés, cos seus museos, as súas festas tradicionais, cafés, cines, restaurantes... a súa vida de tertulias con persoaxes moi diversos e un entorno moito menos rigorista do que no sur da Europa, con xentes en aparencia mais libres de prexuízos. Iso non quita para que tales actitudes coexistiran con esa fe común na racionalidade, na eficacia da técnica e no cálculo, habitua-dos como estaban a diferenciar os momentos e os tempos do romanticismo e os da planificación ata o menor detalle.

Tobío percatouse rapidamente das diferenzas dos alemáns con nós: pouco sentido da ironía, escasa apertura ao escepticismo e a dúbida, maniqueísmo sen matices intermedios e clara tendencia ao dogmatismo. Aquela xente, diría Tobío, daba a impresión de que precisaba ser conducida, que lle dixesen o que tiñan que facer, lle gustaba obedecer. Non obstante, en Alemaña, Tobío aprendeu tamén a importancia de ir ao fondo das cousas con serieda-

de e cunha dedicación ascética grande sen pensar maiormente no lucimento persoal, na fachenda, na retórica, o éxito social e xa que logo na vantaxe económica, actitudes moi comúns no mundo universitario latino da súa procedencia. Apreciou modestia e honestidade intelectual e non pedantería, actitudes que influíron abondo nel mesmo xa interiorizadas dende moi novo no seu carácter.

No país xermano pasaría algo máis de un ano, descubriendo entón todo un mundo descoñecido. Na capital cultural do momento, tamén capital científica, Tobío descubre unha cidade aberta e cosmopolita, que lle permitiu completar a súa formación xurídica e en teoría do Estado. Na universidade, Tobío comulga especialmente con Heller, profesor e político socialdemócrata, considerado o formulador do concepto de “Estado social de dereito”.

Cabe significar que Hermann Heller (1891-1933) é considerado unanimemente un grande xurista e político, membro da ala marxista do Partido Socialdemócrata durante a República de Weimar (1919-1933). Heller destacou polo intento de formular as bases teóricas da relación entre Estado e nación no

marco da socialdemocracia. Considerado como un gran teórico da política e constitucionalista, sobrancea como singular representante da Teoría do Estado xermana.

As teorías políticas de Heller constitúen unha reinterpretación da teoría social hegeliana, defendendo a integración da clase traballadora nas estruturas sociais, culturais e políticas do Estado-nación. No ámbito do debate metodolóxico que tivo lugar no dereito político alemán durante a República de Weimar, enfrontouse especialmente ao normativismo de Hans Kelsen. Todo ese contexto influiría moito nas preferencias intelectuais e políticas de Tobío, quen sempre se adscribiría a posicións de esquerda e mesmo marxistas no seo do galeguismo.

Coa chegada do nazismo ao poder en Alemaña (1933), Heller, de orixe xudeu, exíliase en España, falecendo en Madrid ese mesmo ano. Trala II Guerra Mundial, as súas ideas foron recuperadas de maneira progresiva. En Alemaña, certos discípulos (Hesse, Häberle, etc.) reivindicaron os seus puntos de vista para renovar a teoría da integración, vinculándoa co pluralismo social. No ámbito español e iberoameri-

cano, a recepción de Heller foi moi destacada, como puxo de manifesto as numerosísimas reimpresións da súa Teoría do Estado, unha obra que coa tradución de Tobío viu a luz a primeira vez en 1955, da man do Fondo de Cultura Económica. Esa tradución iniciouna ao pouco de exiliarse na Habana, no ano 1940. A súa foi das primeiras traducións desta obra a unha lingua distinta do alemán. A definición de Estado de Heller é recoñecida aínda hoxe como unha das mais clásicas: “unha unidade de dominación, independente no exterior e interior, que actúa de modo continuo, con medios de poder propios e claramente delimitado no persoal e territorial”.

Aquela tradución de Tobío do grande mestre alemán introduciu a moitos no mundo da racionalidade humanista, como ten recordado Raúl Morodo. Entre o formalismo positivista de Kelsen e o decisionismo teolóxico e autoritario de Carl Schmitt, Heller, reconstruiría a teoría xurídica e política dunha democracia avanzada, onde dereitos individuais e dereitos sociais se conxugan con institucións progresistas ao servizo do ben común. Para moitos, Heller soubo expresar o camiño da saída do totalitarismo e as

respostas necesarias para instalar unha orde xurídica xusta e democrática.

O famoso libro de Heller foi traducido por Tobío con fondo coñecemento de causa por telo tratado persoalmente e por ter interiorizado aquel momento dinámico e brillante da Europa de entreguerras. Era aquel un tempo de gran renacemento cultural alemán ao que Tobío se mantivo fiel, tanto como ao seu galeguismo militante.

Tobío viviu aquela época en Berlín como se estivese no centro do mundo, sentíndose feliz, gozando tanto que estirou canto puido os seus escasos recursos. Para voltar tivo que pedir diñeiro á casa para a viaxe. Na primavera de 1930, a Berlín tamén chegaría Risco, “co seu arraigañado e case visceral reaccionarismo e a súa visión pesimista do mundo e do futuro”, pero ao tempo “conversador interesante, intelixente e culto”. Risco quería saber dos avances alemáns na etnografía, pero atendía a todo. Tobío foi con el a moitos sitios de Berlín. Risco relata en Mitteleuropa, as longas paroladas no balcón da súa casa situado sobre a mesma rúa. Tobío, de rexo temperamento filosófico segundo Risco, facía gala da “clareza lumi-

nosa do seu pensar”, destacando “o acerto extraordinario das súas sentenzas”. Alí Tobío deixaba entrever tamén a súa vontade moderadora e un eclecticismo que o definiría como persoa de espírito comprensivo e de síntese.

No Romanisches Seminar, Tobío tomou contacto co profesor Ernst Gamillscheg e colaboradores como Margot Sponer quen realizaba estudos sobre a nosa fala e que irá a Galicia a facer traballo de campo. Tobío deu alí unha conferencia sobre o momento actual da cultura galega. Gamillscheg, cando xa se vía que os nazis non habían tardar en chegar ao poder, viaxou por Europa e tamén visitou Santiago establecendo co SEG mecanismos de colaboración.

Lembra Tobío nas *Décadas* a súa asistencia ao mitin do 1 de Maio de 1930 con presenza do líder comunista Ernst Thaelmann, cun estilo, di, que Fidel Castro imitaría. Naqueles anos, o marxismo, como doutrina e como ideal de vida, estaba moi presente no ambiente, di nas memorias, en todos os círculos. Heller polemizou co marxismo pero desde dentro, criticando a unilateralidade de moitas das súas teses e conclusións, se ben recoñecendo o valor e vixencia da

crítica marxista á sociedade capitalista. Naquel tempo, Tobío simpatizaba con aqueles puntos de vista, esperando de que naquel país, tan avanzado, puidera establecerse un tipo de sociedade, comunista ou socialista, sen as eivas e imperfeccións da rusa. Tobío consideraba que as cousas poderían decorrer doutra maneira se a primeira revolución comunista vitoriosa non acontecera nun país atrasado e inzado de problemas étnicos, xeográficos, demográficos e económicos como tiña o imperio ruso e como o propio Lenin presentira.

Fiel ás súas inquedanzas artísticas e aos seus amigos, Tobío regresará de Berlín cun álbum de debuxos do expresionista Georg Grosz, considerado un dos principais mestres da chamada “nova obxectividade” (arte dexenerada segundo os nazis), para o seu amigo Seoane que moito estimará porque nada ata entón vira del.

2.4 Anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galicia

Esta bagaxe persoal no ámbito do dereito e da ciencia política, explica o por qué da participación deter-

minante de Lois Tobío na vertebración xurídica do Anteproxecto do Estatuto de autonomía de Galicia, un documento de referencia na historia contemporánea da nosa Terra. Ese primeiro labor centrouse no SEG, onde se prepararon materiais diversos ante o convencemento de que a base federal sería a clave do novo réxime. E axiña se puxeron a preparar o anteproxecto do estatuto de Galicia que debía servir de antecedente e achega substancial para o definitivo texto legal.

En efecto, trala proclamación da República en 1931, ao Seminario confiáselle a cuestión da forma xurídica da autonomía galega. Tobío converteuse entón na persoa que mais achegas fixo dende o punto de vista da formalización xurídico-política daquela proposta. Na elaboración do Anteproxecto de Estatuto participaron tamén Risco, Bóveda e Paz-Andrade, pero Carballo Calero e Tobío foron quen deron forma á redacción final. Todos eles, menos Risco, aportaron o seu parecer de contado. Carballo Calero e Tobío, con esas achegas e cos textos estatutarios e constitucionais na man dos países que accederan ao autogoberno a resultas da I Guerra Mundial, deron

forma final ao documento. O texto de Risco chegaría a destempo e pouco serviría, en opinión do propio Tobío, para o documento en si xa que se trataba mais dunha disertación que dunha exposición sistemática para o documento que era o que se requiría. Tamén tiveron en conta o estudo que Asdrúbal Ferreiro Cid fixera en 1928 sobre os aspectos fiscais dunha eventual autonomía galega.

Así, cando aínda non pasara un mes da proclamación da República, Galicia xa contaba cun anteproxecto de estatuto, cun artigo 1º que dicía: “Galiza é un Estado libre dentro da República Española”, o primeiro paso que daquela se dera en toda España nesa dirección. Posteriormente, déronse a coñecer unha explicación metodolóxica e tamén diversos estudos económicos relacionados co xa achegado por Ferreiro Cid anos antes. Despois houbo máis achegas da Federación Republicana Gallega, o Instituto de Estudos Gallegos, e outros.

O documento serviu de base á Asemblea de Municipios que redactou no ano 1932 o Estatuto que se plebiscitaría en 1936. O anteproxecto do Seminario foi o primeiro documento desta natureza que se tiña feito en Europa.

2.5 A diplomacia

Case de casualidade, Tobío enterouse dunha convocatoria de oposicións á carreira diplomática e decidiu presentarse tras constatar que estaba en condicións de afrontalas. Daquela tamén se presentara a outras oposicións para inspector de traballo e decidiu pese a todo seguir con elas trasladándose de novo a Madrid para encararse cun tribunal presidido, por certo, por Juan Negrín, quen pouco mais adiante sería presidente da II República. Ao pouco, debeu simultanear estas probas coas da Carreira Diplomática, inclinándose finalmente por estas últimas a pesar de que nas outras tamén pasara os primeiros exercicios. O historiador e filólogo Américo Castro presidía o seu tribunal. Tobío aprobou (número 13 de 27), non sen esforzo polas resistencias de Castro que Tobío atribuíu a certa teima contra os galegos de quen nacera no Brasil, e como aspirante seguiu os cursos previstos. De feito, Tobío sería o único galego que pasou as probas a pesar de comparecer nelas outros tamén moi ben preparados.

Os cursos de formación no ministerio versaban sobre materias relacionadas coas funcións propias do

cargo, principalmente dereito diplomático e consular. Catedráticos e funcionarios do ministerio asumían a docencia xunto a diplomáticos veteranos. Esa etapa permitiulle trabar amizade, entre outros, con Francisco García Lorca, irmán de Federico, e Salvador Téletz, con quen compartía moitas coincidencias ideolóxicas e políticas.

Trala formación, comezou unha viaxe de estudos por varias zonas do Estado mais relacionadas coa exportación, nomeadamente La Mancha, Andalucía e Levante, onde Tobío atopou unha realidade nova que para el foi toda unha revelación pola súa variedade e fermosura. Un informe final dese periplo, con datos e comentarios, había servir para a súa calificación definitiva. Nese decurso, Tobío era alcumado polos seus colegas, “el europeo” pola súa devoción europeísta produto en boa medida da súa estancia centroeuropea.

Naqueles tempos de vida política moi movida, os cambios na titularidade do ministerio eran frecuentes. Antes de asumir funcións de facto, Tobío, cos seus colegas, debeu facer outra viaxe formativa polo estranxeiro: un curso na “École des Hautes Études

Internationales” en Xenebra, Suíza, oportunidade que aproveitou para afondar no coñecemento da mecánica interna da Sociedade de Nacións, véndose en non poucas ocasións co coruñés Salvador de Madariaga que daquela era o xefe da delegación española. Despois seguiron por Praga, Viena e Budapest, cidades extraordinarias, confesaba, con xentes ledas, acolledoras, distinguidas e graciosas. Tamén visitou Polonia, percorréndoa toda, de sur a norte, con paradas en Cracovia, Gdynia, Gdansk, ademais da capital, entre outros. Seguiron a Berlín, cos nazis xa no poder, cun “seu” Berlín que era xa ben outro pois “non se vían mais ca bandeiras vermellas coa esvástica por todas partes”. De volta en Xenebra, puido seguir as primeiras sesións da asemblea anual da Sociedade das Nacións, e entrevistarse co xefe do goberno checoslovaco, Edvard Benes, moi inqueda entón polo imparable ascenso de Hitler.

De volta en Madrid, o 1 de novembro de 1933, mediante un oficio comunicábaselle o ingreso na Carreira Diplomática co numero 6 de calificación definitiva, o que lle permitía escoller praza fóra de España que era o que el verdadeiramente quería. A primeira

elección foi o viceconsulado de Xerusalén, que accedeu posteriormente a intercambiar con un colega da promoción, por Sofía, ao que se incorporou antes de finalizar o ano.

A capital búlgara era entón unha cidade pequena, moi limpa e ben soleirada, con algunhas rúas con pavimento de madeira, cun ritmo urbano calmo e pracente, unha cidade abondosa en estampas senlleiras para un occidental e nas que Tobío se puido recrear con grande pracer, sorprendido polos concertos que daban ao empardecer nos aleiros e tellados das casas milleiros de corvos ou grallas que se achegaban á cidade ao remate do día. E gozaba da vida nos cafés e baños turcos, e, naturalmente, nos teatros.

Instalado na legación, Tobío comezou o seu traballo sen ningunha experiencia e sen ter ao seu carón un xefe que o puidera orientar. Integrouse na sociedade local seguindo os usos e maneiras da época e da profesión, facendo amigos tanto búlgaros como sefarditas que rapidamente o puxeron ao día de historias e picarescas, incluíndo as relativas á corte local do rei Boris III, que lembrará con grande divertimento toda a súa vida.

Pouco tempo despois da súa chegada, arribou o seu xefe, Manuel Llopis de Casades e con el participou no labor propio do cargo o que lle valeu varias condecoracións (a búlgara de cabaleiro de San Alexandre, a orde da República...). En marzo de 1935 morreu Llopis de enfermidade e pouco despois chegou o seu substituto, un Sanz y Tovar, a diferenza do anterior, unha absoluta nulidade, conta Tobío nas súas memorias. O terceiro e derradeiro xefe que tivo en Sofía foi Carlos de Miranda y Quartin, competente no seu oficio e correcto en todo.

Naquela Bulgaria, cun ton de vida modesto, tivo tempo para case todo: dende o traballo até a práctica do deporte. E, sobre todo, a lectura, gozando a tempo enteiro da literatura francesa do momento (Claudel, Morand, Giraudoux, Maurois, Mauriac, Proust...), amén dos poetas malditos, unha literatura moi presente na sociedade búlgara da época. Tobío confesouse especialmente impresionado pola lectura de "La historia de San Michele", unha novela autobiográfica do sueco Axel Munthe, quen fora o doutor en medicina mais novo de Europa en 1880.

Tobío non dubidou en poñerse a aprender o búlgaro, que chegou a falar "pasablemente", o que asen-

tou nel a satisfacción que sempre tivo polas literaturas “pequenas”, as das linguas minoritarias. Tobío afondou nos seus poetas, especialmente, e nas súas cancións. Andados os anos 80, máis de cinco décadas despois, cando polo verán pasaba unha temporada en Galicia con apacibles días en Sargadelos, tivo aínda a ocasión de rememorar algunhas palabras en búlgaro e algunha que outra canción popular que lle cantou a Evelina Dmitrova Handzieva, directora do museo de Dobrich.

A reivindicación do labor diplomático, mesmo do considerado habitualmente banal, é feita por Tobío diferenciando a rutina da frivolidade e do trato coa xestión que a cotío proporcionaba claves que ían mais aló da observación do protocolo.

Aquí quitou a licenza de conducir e mercou o seu primeiro auto, un modesto DKW coa placa número 69, que lle axudou a percorrer moitos camiños de Bulgaria. Mais adiante trocouno por un Mercedes de mellor aparencia e mais a consono co seu estatus, co que viaxou a varias cidades emblemáticas do país. No verán de 1934 pasaría as vacacións en Austria (Velden), achegándose a Viena, unha cidade que

sempre conservou certo engado para el non só polo seu aspecto urbano e as súas xentes senón pola súa capacidade para harmonizar os opostos.

Tamén Tobío aproveitou para visitar Romanía, entón en plena euforia coa expansión territorial (con minorías húngara e búlgara) que lle procurara a guerra e as riquezas que tiña, petróleo e trigo. Bucarest era considerado entón o París dos Balcáns, unha cidade de grande aparato e brillo, dicía, con rúas cheas de tendas de luxo e unha sociedade culta nos seus estratos mais elevados.

Durante a súa estancia en Sofía, aproveitou igualmente para pasar tempadas en Istambul en dúas ocasións, en 1935 e 1936, conservando para sempre un magnífico recordo da chegada a esta cidade por mar. Naquela Turquía de Ataturk, fundador e primeiro presidente da República, constatou o alcance da reforma occidentalizadora dos turcos sen se valer dos occidentais, que nada pesaron nela, con liberación das mulleres ou a supresión da prohibición coránica do alcol. Istambul impresionou a Tobío “pola melancolía que deitaban os seus monumentos”. Todo era alí ruína, marabillosa ruína, ruínas de todo, ruínas de ruínas, diría expresiva e fermosamente.

En Atenas gozaría igualmente de cada recanto e de tantas cousas pequenas do pasado que tanta emoción lle causaban.

Tamén visitou Alemaña, onde acompañou a Olimpíada de inverno 1935-36. Viviría así o nazismo en tres tempos: como axitación na rúa primeiro, despois xa no poder con Hindenburg ou sen el, e a etapa que comezou coa purga da noite dos coitelos longos (1934). Tobío visitou Múnic e reafirmou naquel entón a visión dun Adolf Hitler histérico e neurótico, “un caso de psiquiatría”... O increíble é que a grande maioría do pobo alemán non o vise así, sendo como era un pobo razoador e culto.....

Cando chegan as primeiras noticias da sublevación dos militares en África, non tardou en decatarse das proxeccións internacionais do alzamento, con nazis e fascistas a celebralo con grande entusiasmo. Dende o primeiro momento, a legación de Sofía comunica a súa adhesión ao goberno lexítimo. Trala caída de Talavera, en setembro de 1936, despois de moitas dúbidas e vacilacións, o titular da legación mudou de bando. Tobío decidiu seguir coa República e logrou manter o recoñecemento do goberno búlgaro,

pasando a ser o seu domicilio a nova residencia da legación española. Na súa propia casa puxo un letreiro que dicía: “Legación de la República Española”, e alí mesmo recibiría o apoio e a solidariedade de moitas persoas de Sofía e de toda Bulgaria interesadas polo acontecer na península.

A comezos de 1937, Tobío foi nomeado cónsul de primeira no Consulado Xeral de Montevideo se ben seguía “en comisión” en Sofía. E uns meses mais tarde, tamén “en comisión” era trasladado ao Ministerio, a Valencia, onde daquela estaba o goberno da República, deixando con mágoa Bulgaria, onde pasara un total de tres anos e medio.

O seu ministro entón era Álvarez del Vayo, substituído ao pouco por Giral. A seguir, Tobío pasou entón a formar parte do gabinete do ministro, unha especie de secretaría ampliada, dependendo directamente do subsecretario sendo de todos eles o único que pertencía á Carreira. Naquel gabinete preparábase toda a documentación oficial cara afora, para as representacións no exterior e para os organismos internacionais, contando co *savoir faire* de Tobío nos usos e costumes da diplomacia. Alí atoparía nova-

mente a Francisco Ayala, quen era responsable de Europa.

En Valencia, á par das súas actividades ao servizo da República, procurou o contacto con galegos como Castelao, gozando dos reencontros con todos eles e moi especialmente do vivido co seu amigo do SEG, Carballo Calero.

A fins de maio de 1937 participou nunha xira de inspección a varios consulados do sur de Francia (Burdeos, Marsella, Niza) que tiña por obxecto clarear denuncias de supostos comportamentos fraudulentos. Tamén aproveitaría para visitar Mónaco. A seguinte xeira de inspeccións foi polo norte de África, levando consigo unha pistola, a mítica alemá Walther, por se os perigos eran mais dos esperados. A inspección abarcou entón os consulados xerais de Alxer, Orán e Rabat e nos consulados de Casablanca, Fez, Marraquech e Uxda, o que lle permitiu coñecer as terras do Magreb.

Ao pouco, Tobío trasladouse co goberno republicano de Valencia para Barcelona, unha decisión asisada, pensou, pois as cousas da guerra non ían ben. A

finais de xaneiro de 1938, saíu novamente en misión oficial para o estranxeiro co obxecto de dar certas instrucións verbais a algúns representantes da República no exterior, entre outras tarefas, pasando por Atenas, Salónica, Sofía, Bucarest, Odessa (na Ucraína da URSS), onde Tobío experimenta en carne propia “a desconfianza e impasibilidade deshumanizada que xa dominaba na burocracia soviética”. Na viaxe de regreso pasaría por Tiraspol, Sofía e Istambul.

A través destas xeiras, Tobío tomaba contacto cos representantes do goberno republicano, mais, en canto o seu compromiso lle permitía, non perdía a ocasión para afondar no coñecemento das cidades e da historia dos lugares, tantas veces convulsa e tamén naqueles tempos.

De volta en Barcelona, pasaría a vivir na Residencia de Estudantes, onde atopaba xentes de moi diferentes idades e angueiras, gozando coa conversa ilustrada de profesores e estudantes de todas as sensibilidades, permitindo ao propio Tobío tomar un primeiro e serio contacto coa terra e as xentes catalás, en quen vía un exemplo para os galegos “pola rexa defensa que viñeron facendo da súa persona-

lidade". Tamén aquí coñecería a quen sería a súa esposa, María del Carmen Soler Ponce de León, alumna da facultade de Filosofía e Letras. Casou con ela en xaneiro de 1939, aínda que deberon casar novamente xa no exilio ao seren anulados os casamentos civís republicanos polo goberno franquista dando validez unicamente aos canónicos para os bautizados. Por esas cousas da vida, Tobío acabaría tendo dous libros de familia.

Abrírase daquela unha primeira paréntese no seu labor profesional. En maio de 1938, Tobío foi destinado como suboficial de complemento ao centro de instrución militar de Granollers para formar aos novos recrutas, tratando de cumprir o mellor que puido, vivindo de perto os bombardeos dos avións facciosos. De Granollers pasou a estar destinado no Centro de Organización Permanente de Artillería, en Figueres, para seguir un curso de formación no Castelo da localidade, asimilando coñecementos de xeometría e trigonometría básicos para o tiro de artillería, avanzando no coñecemento e manexo de diferentes tipos de canón, o que lle permitiu acceder ao grado de tenente de artillería en campaña.

A seguir, foi destinado ao XV Corpo de Exército, no frente próximo a Mora de Ebro, unha zona mais ben estabilizada.

Pasado un tempo, Tobío presentou unha solicitude para unhas prazas de tenentes auditores en campaña, que lle supuña a posibilidade de voltar a Barcelona. Era outubro de 1938 e quedou destinado na asesoría xurídica do Exército de Terra. Posteriormente, foi nomeado agregado á Comisión Española para a Retirada dos Combatentes Estranxeiros ao obxecto de servir de enlace entre os compoñentes da Comisión Internacional e a española. Rematada a súa misión, regresa á asesoría xurídica do Exército de Terra ata que o ministro Álvarez del Vayo reclamouno para traballar con el, reincorporándose como secretario de primeira se ben en poucas semanas pasou a ser nomeado secretario xeral do Ministerio de Estado, o posto de maior responsabilidade despois do subsecretario e o propio ministro, sendo recibido polo presidente Azaña, como era mester, nunha entrevista breve que o decepcionou. Durante a guerra, Tobío é un dos moitos críticos de Azaña, como lembra Fermín Bouza, un intelectual non moi axeitado para

a alta xestión política que lle tocou atender: un goberno en guerra. Tampouco a CNT-FAI era da simpatía de Tobío que ve nos movementos dos anarquistas unha certa irracionalidade e falta de sentido político. Todo estaba xa perdido para a República.

Precisamente por tal motivo foi expulsado da carreira diplomática e retrasouse moitísimo a súa reincorporación. O argumento determinante para negarlle o reingreso na carreira foi que “Lois Tobío demostrara ser un republicano contumaz” porque cando efectivamente estaba “todo perdido para a República” aceptou un posto de responsabilidade, o terceiro posto en importancia na escala do ministerio e para iso non había xustificación posible.

Por iso non reingresaría na carreira ata 1974, un ano antes da súa xubilación, grazas a que Cortina Mauri, compañeiro seu de promoción, era Ministro de Asuntos Exteriores e quixo que todos os republicanos expulsados que pediran o reingreso foran admitidos. De feito, foron admitidos todos os que o pediron, unha minoría porque moitos xa morreran. O único compañeiro de promoción de Tobío que non solicitou o reingreso foi Francisco García Lorca, irmán de Federico.

No seu novo cargo, Tobío tivo ocasión aínda de apoiar a petición de Suárez Picallo de nomear cónsul en La Plata a Blanco Amor e de retomar o contacto cos galegos de diversa condición que naqueles duros momentos resistían en Barcelona dando conta do compromiso da nosa xente coa loita antifascista.

Contou Carlos Casares que, segundo lle confiara Ramón Piñeiro, cando estaba practicamente decidido que Castelao sería nomeado embaixador da España republicana en Buenos Aires, o líder galego negociou unha serie de condicións co Ministerio de Estado, a mais importante delas consistía en reclamar unha persoa de confianza para que o acompañase na misión que ía desempeñar. Para ese cargo deu o nome de Lois Tobío. Ocorreu sen embargo que as autoridades do ministerio daban por insubstituíble a Tobío e non querían prescindir del. Finalmente, as vicisitudes da guerra deixaron sen confirmar aquel nomeamento xa con José Giral á fronte do ministerio de Estado.

Tras tantas peripecias e cun profundo coñecemento do decorrer interno daquela guerra, cando tivo ocasión, Tobío encargouse de descualificar a idea de

que Galicia se entregara ao fascismo, unha interpretación que sinalou como unha falacia histórica. Non se podía facer mais do que se fixo, chegou a dicir. Era moi difícil que nun país sen grandes concentracións urbanas, con pouca industria e sen grandes masas proletarias puidese facerse unha resistencia como a que se fixo en Madrid ou Barcelona ou Bilbao. En Galicia, o poder militar, axudado polos outros sectores, esmagaba doadamente calquera rebelión e defensa dos sectores espargallados e minoritarios da nosa xente. En cantas vilas e pobos había xentes nosas espaxadas? Falar de submisión de Galicia é unha visión histórica e socialmente incorrecta, sentenciaría.

2.6 A ruta do exilio

En Barcelona co goberno, sae da capital catalá cando entran as tropas franquistas. Co traslado do ministerio a Figueres polo avance do inimigo en xaneiro de 1939, Tobío xa encarou a ruta cara a fronteira en medio dunha fonda tristura. A Perpignan comezaban a chegar en masa os que cruzaban a pe a fronteira sendo dirixidos a verdadeiros campos de concentración, as mais das veces á intemperie, por soldados sene-

galeses. Era o recibimento dispensado polo democrático goberno galo, presidido entón polo católico e moderado de dereita, Albert Lebrun.

En Perpignan, a parella logra evitar os campos de concentración e viaxan a París. Na capital constatan que nin a xente nin as autoridades eran especialmente amables cos refuxiados. Detidos, foron confinados a abandonar París ao carecer Melu de documentación en regra. Tras conseguir para ela un pasaporte uruguaio (nacera en Montevideo), viaxaron ata Cherbourg para tomar o buque Queen Mary un 18 de marzo de 1939 en dirección a América, a New York.

En New York, en tránsito para Cuba, Tobío atopouse de novo con Castelao, inmerso entón nun intenso labor a prol da República e do galeguismo, arredor da Casa de Galicia e do Frente Popular Antifascista Galego. Alí Tobío explicou as vicisitudes do remate da guerra e as peripecias do paso da fronteira e todo o calvario que deberon pasar os refuxiados e seguían a pasar nos campos de concentración franceses, despregando unha onda de indignación e solidariedade entre a colonia. Os Tobío rexeitaron quedar en EUA, como lle pediron, e seguiron co plan inicial: ir a Cuba

onde vivían dous tíos del, irmáns da súa nai, ben situados, confiando en que poderían axudarlles a reorientar a súa vida.

Xa instalados en Cuba, Tobío fai o imposible por sacar da península ao seu irmán Carlos, fiscal militar condenado a morte en rebeldía, cousa que consegue finalmente desde a illa caribeña, unha vez que este logrou pasar a Portugal, grazas á xestión dun dirixente sindical que lle procurou un pasaporte cubano para el.

En Cuba, Tobío explora diversos proxectos mentres mantén o contacto con persoas relevantes como Concha Méndez ou Manuel Altolaguirre, entre moitos outros (Alejo Carpentier ou Dulce María Loynaz, poñamos por caso) construíndo unha pequena rede de amizades nas que atopou comprensión e un primeiro apoio.

Pero non era doado atopar emprego naquela Cuba de Batista que impuña severas restricións laborais para os estranxeiros. Tobío encamiñouse nun primeiro momento cara o ensino tentando recuperar a súa vertente académica, pero malia as axudas, as cousas

non pintaron ben desde o principio. E comezaron a barallar outros destinos: México, Uruguai, Arxentina... Os intentos de viaxar a Bos Aires non callaron e debeu ficar na Habana. Foi entón cando xurdiu a idea de fundar un centro de estudos superiores con participación de profesores locais e estranxeiros. Ese proxecto permitiulle coñecer a moitos intelectuais cubanos: Carpentier, Agramonte, Portuondo, Raúl Roa e outros máis. O centro sería algo así como a Institución Libre de Enseñanza de Madrid e puido ser levado a bo termo en pouco tempo. Así naceu a Escuela Libre de La Habana no que participaría, ademais de Tobío, outro galego, Rubia Barcia, con José Miguel Irisarri, home de gran prestixio en Cuba, como director.

Esta escola definíase como “sementeira de inquietudes creadoras e taller de condutas e vocacións”, en suma, unha entidade científica destinada a espallar os temas esenciais do noso tempo dun xeito mais accesible ás capas populares. Tobío era a auténtica alma daquela institución, como ten recoñecido Neira Vilas, desempeñando como membro do Consello Académico e Secretario de Estudios Superiores, Es-

pecialidades e Investigación. Alí soubo Tobío da solidariedade dos cubanos coa República, vencellándose ao ambiente universitario, aos escritores, aos sindicatos, etc.

Tobío sempre amosou unha inmensa gratitude con toda aquela xente, “dunha xenerosidade e afago certamente exemplares”. Foi nesa escola onde Tobío enxergou por primeira vez a posibilidade de traducir o “Staatslehre” de Hermann Heller, traducindo algún capítulo da obra para publicalo na revista de dereito da universidade. Na Habana impartiu conferencias varias á vella usanza, sempre a modo dunha gran lección fuxindo de banalidades, facéndose eco das súas palabras os medios locais.

Pero o centro de estudos, aínda que ben ideado, non tiña por diante un futuro brillante a curto prazo como instrumento para asegurarse o sustento.

Entre os proxectos barallados xa en Cuba estaba o da creación dun colexio en México, inspirado por Luís Martull, galego casado con unha irmá de Tobío, quen tamén se exiliara. Martull tiña boa relación co presidente Cárdenas e decide entón ir a México. Nada

mais chegar, Tobío e a súa esposa reciben a nacionalidade mexicana, ao igual que todos os republicanos españois.

En xaneiro de 1940, os Tobío chegan a Veracruz, de onde foron para a capital mexicana. Alí, Tobío pasou de contado a dar clases de historia no Instituto Ruiz de Alarcón, aproveitando aquelas moitas facilidades que daban as autoridades mexicanas de entón para integrar aos exiliados republicanos españois. Alí Tobío fundou unha pequena sección de estudos de política internacional e diplomacia, con pleno recoñecemento oficial xestionado ante o propio ministro do ramo. Aínda así, as perspectivas non eran de todo boas porque o instituto non acababa de asentarse e as dificultades económicas apremiaban cada día máis. Estiveron cinco meses no México.

Foi así que o horizonte de Uruguai comezou a asomar con forza. Con novo pasaporte facilitado polo consulado de Portugal en México, porque o republicano xa non era recoñecido, Tobío, remontando o Mississippi en New Orleans, embarcou un 30 de xuño de 1940 no “Delnorte” que facía a travesía ata Buenos Aires, pasando por Río de la Plata.

Non foi este, Uruguai, un país que abriera as portas aos republicanos exiliados, pero a esposa de Tobío nacera aquí, o cal facilitou certos trámites. Cabe recordar que Melu dispoñía dun pasaporte desta nacionalidade, conseguido en París. Polo feito de ser ela uruguaia, Tobío tiña tamén a posibilidade de entrar no país sen maior problema.

Uruguai significaba para Tobío aproximarse á comunidade galega, que estaba case toda no entorno do Río de la Plata, e tamén estar perto de Castelao, a quen non vira desde o encontro en EUA.

Dende Montevideo, Tobío mantivo unha intensa comunicación cos exiliados en Arxentina e cos intelectuais galegos que facían viaxes pola emigración. Complementariamente, integrouse en paralelo na vida e na sociedade uruguaia, chegando a presidir un club de equitación en Montevideo, rememorando a súa afición equina que espertara nos anos do servizo militar en Compostela.

Socio da Casa de Galicia, implicouse en numerosos actos, incluíndo as visitas de Castelao en 1940, 1943, 1944 e 1945. Nesta última, con motivo do no-

veno aniversario do Estatuto, Castelao impactou en Montevideo coa súa colección de debuxos de guerra nunha exposición que contou coa presenza do presidente da República uruguaia e varios ministros. Mais de 50.000 persoas puideron visitala.

Tamén estivo Tobío na creación do Banco de Galicia de Uruguai, que apoiou sen entrar na súa directiva, entre outros, por carecer de formación neste eido, dixo. O banco ideárase para canalizar os aforros da nosa xente arbitrando apoios que outros bancos non daban. Nese mesmo ano (1955), comezaría as súas actividades a delegación no Uruguai do Padroado Rosalía de Castro.

Nese tempo, Tobío traballou activamente nunha serie de accións relacionadas coa organización do exilio, comezando polo nivel mais básico, a estruturação dos instrumentos de axuda e de apoio -non soamente para a colectividade galega-, procurando autoorganizar as destartaladas forzas do exilio coas que tomara contacto nada mais chegar.

Despois, moi pronto comeza a se discutir a cuestión de cómo manter presentes e vivas as institucións ga-

legas, a lexitimidade e a legalidade republicana. Isto fíxose a través do Goberno da República no exilio, fíxose coa Generalitat, co Goberno Vasco e fíxose tamén en Galicia, desempeñando Tobío un papel clave. Foi entón cando Castelao encomendoulle o labor de formalización xurídico-política, a busca dunha fórmula para crear unha institución que representara a autonomía galega.

A súa vida da un xiro en 1947, grazas a José Giral e ao seu fillo, Antonio, ao instalarse en Montevideo unha sección dos laboratorios Roche, para orientar a difusión médica, a publicidade e a propaganda destes laboratorios. Tobío entra a traballar neste centro xunto con outros exiliados republicanos e con outros exiliados xudeus de todo o mundo. Isto supón para Tobío e a súa familia unha primeira estabilidade económica que tamén lle permite dedicarse máis activamente a temas relacionados co galeguismo e igualmente para integrarse máis na sociedade local, moi cosmopolita entón, conxeniando con artistas, escritores e intelectuais de diversa condición e raigame.

Coa xuventude queimada na guerra, aquel tempo, a pesar dos seus sabores, semellaba para el un pe-

queno paraíso, cunha colonia española maiormente republicana e unha sociedade uruguaia que simpaticizaba con eles.

Uruguai, que ía na dianteira dos países da rexión en moitos aspectos, significará para Tobío calma e sosego, longamente agardados, durante dúas décadas, as centrais da súa vida.

Lois Tobío aceptou a sorte que lle tocou como exiliado político con un silencio exemplar, lembrou Isaac Díaz Pardo con quen se atopara por primeira vez en Bos Aires en 1956, enchido de dignidade e lealdade ás ideas ás que tiña servido. En opinión de Díaz Pardo, Tobío foi o persoeiro con mais autoridade moral que tivo o exilio galego, aínda que sempre na sombra, característica que o unía a Núñez Búa.

2.7 O Consello de Galiza

En 1941, no exilio, créase Irmandade Galega, arredor do propio Castelao e Alonso Ríos, relanzándose entre outras iniciativas a alianza de Galeuzca, o pacto que unía a aquelas tres nacións europeas sen Estado e que orixinariamente xurdira do Pacto de Compostela, asinado en 1933.

En maio de 1944, Castelao visitou a Tobío en Montevideo para falar da creación do Consello de Galiza. A súa presentación oficial fíxose no Ateneo da capital uruguiaia o 30 de xuño. Formarán parte del os deputados galegos que estaban no exilio en Sudamérica: ademais de Castelao, Alonso Ríos, Suárez Picallo, Elpidio Villaverde e, mais adiante, cando chegue, Alfredo Somoza, e recibirá a adhesión de Emilio González López que estaba en New York e Edmundo Lorenzo que residía en México. Castelao asumiría a súa presidencia e Alonso Ríos a secretaría.

Castelao actuará en representación de Galicia na restaurada Galeuzca no exilio; e mais adiante entrará co mesmo carácter no goberno da República Española que se constituíu en París presidido por Giral.

Os nacionalistas vascos contaban no exilio co Euskadiko Batzar Nagusia e os cataláns co Consell Nacional de Catalunya. Galicia precisaba dun organismo que dignificara o feito nacional e simbolizara as súas aspiracións de autogoberno. A Irmandade Galega poulou pola creación dese goberno galego no exilio con Castelao e Alonso Ríos como principais valedores.

A situación era problemática porque así como o Estatuto catalán chegou a aprobar, ao igual que o vasco, o Estatuto de Galicia quedou truncado. Desta forma creouse o Consello de Galiza como catalizador daquela vontade referendada polo pobo galego que secundara maioritariamente a proposta de Estatuto. Tobío foi realmente o teórico desta institución que consistía na agrupación dos deputados galegos nas Cortes Republicanas, é dicir, aqueles que foran a votar en xullo de 1936 ao Parlamento de Madrid para referendar o Estatuto, feito que se viu impedido polo levantamento militar do xeneral Franco.

Esta institución foi a que mantivo viva e recolleu todo este proceso de creación de institucións autonómicas galegas. Era moi importante para Galicia falar cunha soa voz e dispoñer dun organismo que articulara os seus intereses. Posteriormente, o devir desta entidade foi moito mais problemático que o do Goberno Vasco ou a Generalitat. Funcionou durante os anos 40 e 50, ata algo despois da morte de Castelao.

O Consello de Galiza reuniu primeiramente a eses catro fundadores, os únicos deputados galegos que vi-

vían refuxiados en Sudamérica, decididos a “gardar, manter e defender a derradeira vontade de Galiza, entramentres dure esta etapa de asoballamento, na que o pobo se ve privado de toda expresión democrática” e sinalados como “fideicomisarios da vontade legalizada so seu pobo”. Posteriormente, xa reforzado con Alfredo Somoza ou o ferrolán Edmundo Lorenzo, fomentaría a creación de delegacións por toda América e Europa. A declaración constituínte expresa un respecto absoluto por calisquer ideoloxía de tipo democrático e sinala que os conselleiros de Galiza serán “simples mandatarios do pobo que os elixeu e non dos partidos”.

O Montevideo de Tobío era entón a “metrópole ideal dunha Galiza libre”. A morte de Castelao en 1950 supón un duro revés para o Consello que non obstante mantén a súa actividade da man de Antón Alonso Ríos. Cando foron morrendo a maioría dos seus membros e o Consello perde a representación que tiña en fideicomiso do pobo galego, Tobío obriga a que se disolva, vencendo a resistencia dos que querían continualo con nomes que non tiñan esa representación.

A constitución do Consello tivo lugar en Bos Aires o 8 de decembro de 1944 na casa de Manuel Puente. A ela asistiron tres dos catro integrantes xa que Suárez Picallo residía en Santiago de Chile. Por Cataluña asistiu Manuel Serra Moret, vicepresidente do Parlamento catalán. Ramón M. de Aldasoro e José M. Lasarte asistiron en representación dos vascos.

2.8 Primeiro Congreso da Emigración Galega

O 2 de xaneiro de 1956, o Consello de Galiza en Bos Aires resolveu nomear unha comisión organizadora para celebrar o centenario do Banquete de Conxo, fraternal acontecemento de gran importancia simbólica na historia de Galicia, deseñando un programa de actos que incluía a realización dun Primeiro Congreso da Emigración Galega. Esa comisión estaba presidida por Manuel Puente e pediu a Tobío que preparase o Manifesto, o Temario e o regulamento do Congreso. E Tobío cumpriu co seu, como era costume, con celeridade, responsabilidade e aplauso.

Tobío desempeñou un papel moi destacado na organización daquel primeiro congreso da emigración

galega ao ser el quen se ocupou de dar forma xurídica a todo o proxecto, organizando o seu esqueleto principal e procurando desactivar as controversias e tensións que por unhas cousas ou por outras ameazaban a súa culminación exitosa.

Os actos estendéronse do 21 ao 31 de xullo. Foi aquel un gran evento revelador da forza do galeguismo no exilio e da enorme presenza da diáspora e da nosa cultura alén mar, así como tamén das capacidades endóxeas para guiar a consecución de grandes obxectivos sempre e cando saibamos diferenciar e xerarquizar as diferentes prioridades. Aquel Congreso foi un éxito total e nel só se empregou a nosa lingua.

Nada semellante puido lograrse, mesmo coa autonomía en marcha trala morte de Franco e pese aos diversos intentos institucionais por dar vida a aquel espírito. Faltan as persoas que o fixeron posible e os compromisos e lealdades que o inspiraron.

2.9 Historia de Galiza

Outra achega importante de Tobío, non por mais discreta menos relevante, foi sacar adiante a edición da Historia de Galiza de Otero Pedrayo. Foi este un proxecto que lle encomendou Manuel Puente, gran benefactor da cultura galega. Tobío encargouse da coordinación e da xestión desta obra, un traballo certamente inmenso e difícil, só posible da man de quen non desprezaba traballar nos contextos mais adversos para facer posibles as cousas que pagaban a pena.

Naqueles finais dos 50, Tobío, en efecto, implicouse a fondo nunha tarefa esencial para a cultura galega, a edición dos dous primeiros volumes, a *Introdución*, da Historia de Galiza, cumprindo a promesa que Manuel Puente fixera a Castelao nos seus derradeiros días. En febreiro de 1956, Rodolfo Prada pregou a Tobío que se encargase de unificar a ortografía e de por certa orde nos moitos materiais acumulados, de xeito que fora finalmente posible entregalos ao prelo. Tobío asumiu a tarefa con seriedade e rigor, como era costume nel, e púxose a vencer as desconfianzas e silencios que de todo había en medio do desalento.

Tobío non só corrixiu todos os textos senón que cubriu carencias como a relativa a nosa música, que encomendou a Emilio Pita. Tamén procurou a axuda de outros galegos para as ilustracións e sobrecubertas e ata para o fornecemento do papel mais adecuado. Tobío estaba en todo e coidaba ata do mais pequeno detalle para culminar unha obra que debía destacar polo seu rigor e elegancia.

Otero Pedrayo, enchido de metáforas, louvou o traballo de Tobío, o primeiro de moitos outros recoñecementos, dado o forte impacto que a obra produciu dentro e fóra de Galicia.

2.10 A volta do exilio

Tobío ten a oportunidade de regresar a España en 1962 e decide facelo. A ocasión xurde da man dos propios laboratorios Roche, que anuncian o peche da súa delegación en Montevideo e o traslado a Madrid de boa parte dos seus cometidos, mantendo un pequeno despacho na capital uruguaia para os asuntos locais. O labor de publicidade faríase a partir de entón dende Basilea, na casa matriz, na Suíza.

Inicialmente, a Tobío propuxéronlle ir a Europa para asumir a tradución e edición das publicacións en español destinadas a América Latina. Era 1961. Daquela, Tobío tiña tres opcións: trasladarse a Madrid, ir a Basilea –nos dous casos asumindo cometidos da mesma empresa-, ou ir a New York porque obtivera unha praza de tradutor de Nacións Unidas.

En efecto, en 1958, con Tobío ausente por mor da celebración dunha conferencia en Lima relacionada co seu traballo en Roche, a súa esposa Melu decidiu presentar unha solicitude en nome seu para concorrer a unhas prazas de tradutor na ONU. Tobío non puxo reparo e pasou as probas con ben. Non obstante, informado posteriormente de que non ía gañar moito co cambio, sobre todo no económico, decidiu renunciar á oferta.

Pero a opción de regresar á península caeu como auga de maio entre os Tobío porque había certo cansazo da vida no Uruguai, certamente cómoda pero un tanto baleira en opinión de Melu, nun contexto en que a situación do propio país ía cada día a peor. A volta a España, pese a todo, estaba rodeada de certa incerteza. Atrás tiñan que deixar a súa casa, os

seus amigos, e os propios fillos virían truncadas as súas correrías diversas para achegarse a un país do que só tiñan noticias polos pais. Pero aquela sensación de certo desacougo e o feito de que moitos dos seus amigos ían marchando do Uruguai empurraban a un novo traslado de país, esta vez de volta ás súas orixes.

Segundo lle informan na embaixada española en Montevideo, os cargos contra el prescribían, se ben ninguén podía asegurarlle contra o risco de ser detido ao entrar en España e mesmo ser metido no cárcere. De feito, nada máis entrar en territorio español, a súa esposa foi interrogada polo tribunal para a prevención do comunismo e a masonería e durante un par de anos foi citada periodicamente ata que o citado tribunal foi extinguido. Melu tiña unha acusación pendente de masona desde o ano 1939 que se mantivo ata 1965 polo simple feito de servir de enlace da Universidade de Barcelona con cuáqueros de universidades americanas que participaran nun programa de cooperación na capital catalá.

O reencontro con aquela España dos anos sesenta non foi doado. A fin de contas, regresaban dun

Uruguai moderno, avanzado, próspero e rico, que contrastaba coa pobreza daquela España da ditadura, miserenta en tantos aspectos e represiva aínda obrigando a rememorar todo canto pasara nos anos trinta.

Tobío constatou entón por primeira vez que no interior boa parte da memoria se perdera, incluída a propia memoria dos que tiveran que exiliarse. A ignorancia de canto fixeran os exiliados no exterior era absoluta.

Na volta embarcaron no “Cabo San Vicente” para Barcelona, primeiro Melu e os fillos, e despois Tobío, quen chegou previo paso por Suíza onde debeu resolver asuntos relacionados co seu traballo. O Nadal de 1962 pasárono xuntos en Barcelona. En xaneiro, Tobío foi para Madrid.

Nese Madrid mediocre, cutre e franquista, Tobío conxenia o seu traballo profesional coa recuperación da participación en tertulias como a do Café Gijón, con galegos como Laxeiro, Borobó, entre outros. A capital era culturalmente pobre e cunha gran intrusión dos cregos en todas as manifestacións da

vida pública e ata na privada que a Tobío, e a familia toda, sorprende moi negativamente. Retoma pouco a pouco os contactos cos vellos coñecidos, o cal procúralle algunhas alegrías e non pouca melancolía. O 17 de decembro de 1964 pronunciaría a conferencia “Actualidad de Feixóo” no Centro Gallego de Madrid.

A Galicia, de onde faltaba dende o ano 1933, viría no verán de 1965. Primeiro de todo, Santiago, que lle produciu unha grande emoción; tamén A Coruña, visitando a algúns dos seus familiares; Vigo, con Fernández del Riego de anfitrión seu, visitando Baiona e o Parador do Conde de Gondomar, renovando a súa atracción pola figura do noso gran diplomático, “unha miga esquecido dos historiadores”. Publicara entón un primeiro artigo en Galicia Emigrante: “Gondomar, bon galego”. Agora tiña a posibilidade de entregarse á tarefa.

En setembro de 1973 xubíbase en Roche e pensa primeiro en retomar as traducións para compensar a perda sensible de ingresos, como xa fixera nos primeiros anos do exilio a fin de recuperar certos folgos, pensando sobre todo nos propios fillos. Entón, un tanto inesperadamente, en xullo de 1974 recibe

a noticia do reingreso na Carreira Diplomática coa categoría de conselleiro de embaixada, xustamente o día seguinte a cando Franco delegara as súas funcións no Príncipe Juan Carlos, de xeito que nunca como funcionario estivo baixo o mando do Caudillo, como gustaba recordar.

A solicitude de reingreso fixérala en 1964, pero non obtivo resposta. Intentouno tres anos despois, e silencio tamén. Decidiu entón pasar á vía xudicial. O Tribunal Supremo denegou a petición. En marzo de 1971 danlle azos novamente, pero todo volveu a estancarse. Foi entón Felipe Fernández Armesto quen se mobilizou e mobilizou a outros (Manuel Fraga, incluído) no seu favor. Cando Cortina Mauri asumiu a carteira de Exteriores, por fin, foi readmitido. Foi destinado á sección de Legalizacións coma xefe. En 1976 xubilaríase

Neses anos 70 e 80, Tobío simultaneará os estudos sobre Gondomar con publicacións sobre esta figura e conferencias que impartiría tanto en Galicia como en Madrid, en ciclos e congresos, recibindo algúns recoñecementos.

2.11 O Conde de Gondomar

A atracción pola figura do Conde de Gondomar ten un longo fundamento en Tobío. Recordemos que como o primeiro curso de filosofía e letras era o preparatorio de Dereito, matriculouse nel. Un dos seus profesores, o santanderino Ciríaco Pérez Bustamante, espertou en Tobío o interese pola figura do conde de Gondomar. Pérez Bustamante chegou a presentar unha comunicación ao SEG sobre este tema e tamén o tratará no discurso inaugural do curso 1928-29 na propia universidade. Anos adiante, este seu vello profesor asistirá á presentación do primeiro libro de Tobío sobre Gondomar no Museo de América en Madrid.

Da galería de personaxes históricos polos que sentiu simpatía e curiosidade, Tobío destacaba sempre tres figuras, ao seu xuízo, excepcionais: Erasmo de Rotterdam, o Padre Feijóo e D. Diego Sarmiento de Acuña. E neste último centraría boa parte do seu quefacer.

Sería na primeira metade dos anos 60 cando comezou as pescudas sistemáticas sobre Gondomar,

a quen sempre considerou “un dos grandes da diplomacia do seu tempo”, en liña co defendido por Castelao no Sempre en Galiza. Durante varios anos, todos os sábados, Tobío accedía á biblioteca do Palacio de Oriente, tamén á Biblioteca Nacional e á Academia de la Historia rebuscando nos seus materiais para ilustrar o percorrido e inquedanzas daquel ilustre galego.

Esta investigación histórica sobre o Conde de Gondomar debe ser especialmente destacada. Trátase realmente dun personaxe importante para a historia e a identidade de Galicia coa que sempre se identificou.

Tobío falaba do conde aludindo a “Gondomar”, e con el chegará a establecer unha fonda sintonía en virtude das coincidencias persoais que ía atopando a medida que realizaba a súa investigación sobre esta figura. “D. Diego Sarmiento precisa dunha rectificación e dunha reivindicación. O mais intelixente, habelencioso, competente, pragmático, honesto, sutil, aberto e lúcido de todos os que daquela levaban a política internacional de España” estaba en gran medida esquecido.

Con Gondomar, a identificación chegaría a ser tan grande que nun momento de confidencias confesou, lembra a súa filla Constanza, sentirse como a mesma persoa pois, “ao fin e ao cabo”, engadiu, “os celtas cremos na reencarnación”.

Como é sabido, o Conde de Gondomar foi un nobre e diplomático galego que exerceu de embaixador de España en Inglaterra entre 1613 e 1622. Considérase como o mais avisado e experto embaixador español da Idade Moderna, merecedor de epítetos como “O Maquiavelo español”. Amigo persoal de Xacobe I de Inglaterra, tivo un papel moi destacado na política inglesa do período, en especial no mantemento da paz entre Inglaterra e España, liderando a facción católica e pro-española da Corte inglesa.

Erudito e bibliófilo, reuniu unha das mais importantes bibliotecas privadas do século XVII. Cun excelente nivel de latín, despois sería enviado nunha misión diplomática a Viena.

Nas súas pescudas, Tobío afondou no pacifismo e no internacionalismo que guiaron os seus actos e que emerxían do seu pensamento liberal e ecléctico, a

crítica social e política, a súa tolerancia e liberdade espiritual, actitudes encomiables e das que debeu gardarse na propia época para non ser vítima da barbarie inquisidora.

Na Revista de Estudios Internacionales (Vol. 5 Núm. 2 Abril-xuño 1984) do Centro de Estudios Constitucionales, Tobío publicou “Cuestiones de precedencia en la Corte inglesa durante la embajada de Gondomar”. Nese mesmo ano, ediciós do Castro daría a coñecer “A intervención de Gondomar nos problemas internacionais da pesca”, e tres anos mais tarde, en 1987, publicaría “Gondomar y los católicos ingleses”, na nova xeira do Seminario de Estudos Galegos. En Grial (1970) xa publicara “O erasmismo de Gondomar” e en 1974, “Gondomar y su triunfo sobre Raleigh”. Os “Catro ensaios sobre o Conde de Gondomar”, publicados en 1991 pola Fundación Otero Pedrayo, culminaban a súa valiosa tarefa investigadora neste eido, que ben merecería ser profundada.

Concluíu Tobío que o anxeio de Diego Sarmiento, de recendo erasmista, era ser político, un estadista, e non un diplomático, e tiña capacidades sobradas para iso, e só a “envexa hispánica”, neste caso per-

sonificada no duque de Lerma, foi quen de truncala. Pese a iso, foi o mais xenial de todos os diplomáticos españois, a figura mais brillante da diplomacia hispana, un “fidalgo galego” como así se chamaba que entrou tarde e sen experiencia nunha carreira que se ben non tiña interese por ela e quería deixala ao pouco exercer, foi quen de superar con profesionalidade e vontade de servizo acreditadas todas as eivas imaxinables.

2.12 *As Décadas*

Publicadas en 1994, as *Décadas* de TL constitúen un extenso libro de memorias, escrito na mellor das tradicións, paradoxalmente nun país sen tradición de escribilas. Esta magnífica e xenerosa obra nos permite realizar unha senlleira aproximación á súa persoa e figura da que Galicia viuse lamentablemente privada polos difíciles avatares da época que lle tocou vivir e a cegueira de non poucos galegos da mais variopinta condición que en anos posteriores tam pouco albiscamos suficientemente o enorme valor do seu exemplo e traballo.

Para situarnos na dimensión valorativamente axeiada deste galego de lei (expresión reiteradamente atribuída por el mesmo a significados homes de Galicia que tivo a honra de coñecer), vallan as páxinas precedentes que dan conta dalgunhas das súas actividades mais sobranceiras. Agrupadas por décadas que marcan períodos singulares do seu devir, as memorias de Tobío dan conta non soamente de si mesmo. Tanto é así que a través das súas impresións un pode percorrer gran parte da conflitiva e apaixonante historia europea e sudamericana do pasado século, recreándose nos costumes e na vida das xentes, pormenorizando nos trazos físicos e humanos de persoas de toda índole que debeu coñecer, mesmo nalgún caso con certo valor sorpresivo se buscamos o contraste co momento presente (por exemplo, cando revela a condición da romanesa Bucarest coma o París dos Balcáns) ou rachando tópicos reiterados ata a saciedade (non todo é perfecto en Alemaña).

Tamén poden atoparse reflexións sobre problemas que inevitable e desgraciadamente forman parte da nosa convulsa cotidianeidade mais recente: cando,

por exemplo, menciona o problema de Macedonia nos sempre conflictivos Balcáns, os valores achegados polo plurilingüismo, a idoneidade das solucións pluriétnicas ou a imprescindible moderación en certos postulamentos apriorísticos fuxindo dos radicalismos que non sempre son acompañados da esixible coherencia. Tobío confesásenos sempre como un propiciador de encontros, un sumador de vontades ensanchando os espazos comúns onde outros albisocaban só confrontacións.

Pese a todo, o libro nin é nin pretende ser un tratado de teoría política nin unha reivindicación moral senón a expresión sincera dunha vida comprometida coa liberdade en sentido amplo e con Galicia, unha vida vertebrada por unha nobre e arraigada conciencia que procedería definir como humanista.

E materializou ese compromiso cunha entrega a tempo enteiro que trasladou a outras facetas da súa vida privada e intelectual. Como el mesmo dicía, para facer ben unha cousa hai que estar convencido de que o que se está a facer é o mais importante do mundo. Ese carácter tanto o podía levar a mergullarse nas cerimoniais litúrxicas mediatizado polos

sentimentos de afecto a unha moza moi dada á vida relixiosa, como tamén a desenvolver un rigoroso e fondo labor, no que Galicia lle debe tanto, de investigación e estudo de figuras como a de D Diego Sarmiento de Acuña, o Conde de Gondomar, por quen chega a sentir, como demos conta xa, unha profunda devoción.

Unha actitude que merece ser destacada é o seu profundo respecto e admiración pola muller, como ser humano, no senso de valía e de capacidade. Tobío é conscientemente agradecido na súa relación cos outros e fala nas memorias mais dos demais, das múltiples e diversas persoas que coñeceu e tratou, que de si mesmo. Aínda así, algúns trazos do seu carácter impregnan as setecentas páxinas deste libro: moi observador (xa de cativo era un neno atento e curioso), amante profundo da vida, cordial e afable, de nobre humildade e paciencia que gustaría ver mais nidiamente nas novas xeracións. Por outra banda, quen gusta do chocolate, de maior saberá apreciar a gastronomía no que vale, confíaranme unha vez como máxima indiscutible, e os xuízos de Tobío nesta materia son ben asisados.

Sen merma do valor do esforzo persoal, da concentración e doutras circunstancias obxectivamente controlables, déixanos entrever, froito sen dúbida da propia experiencia persoal, a necesidade e conveniencia de prestar atención a outros aspectos mais encasillables nos valores subxectivos que toda vida e fenómeno, mesmo histórico, incorpora (esa reiteración, poñamos por caso, do papel das casualidades ou do destino tanto no devir persoal como no colectivo ao que el sempre estaba atento e que tantas sorpresas, as mais das veces agradables, lle depararía).

Equilibrado e políglota, Tobío afonda en anécdotas (como as simpáticas “traducións” do francés, naturalizadas no común como castelanismos sen sentido na lingua orixinal ou a historia do croissant, en pleno asedio turco da súa admirada Viena) que fan especialmente amena e entretida a lectura, sen deixar de incorporar tamén algúns compases marcadamente literarios. Todo o libro constitúe un exemplo paradigmático da súa ampla cultura e afición polas artes, exhibida sen pedantería nin ostentación, produto de lecturas, si, pero tamén e sobre todo dunha vida rica en experiencias humanas e en contactos con numerosos talentos do seu tempo.

Deses recorridos polas súas páxinas, despréndense contrastes próximos de alto valor, como a visita efectuada á fábrica de conservas Massó en Bueu, no Morrazo, en tempos da ditadura de Primo de Rivera e na que todos os letreiros estaban en galego. Hai desto oitenta anos....

En suma, Tobío amósanos nas súas Décadas ese exemplo de coherencia que tanto precisa Galicia nestes momentos en que urxe unha activa militancia cidadá como galegos exercendo igualmente, sen renunciar a nada da nosa orixe, como cidadáns do mundo. Somos, debemos continuar a ser expresión desa célula de universalidade que Tobío sempre e positivamente quixo afirmar dende unha galeguidade irrenunciable. Nesa vella idea está o noso futuro.



3/PRINCIPAIS FACETAS DA SÚA PERSONALIDADE

3.1. Político galeguista e universalista

A herdanza global que a todos nos deixa Tobío é a dun galeguista universalista, a convicción de quen comprendeu de boas a primeiras o imponderable valor da identidade como clave para entenderse co mundo, para desenvolverse sen lindeiros, sen perder o norte irrenunciable das orixes. Ese Tobío que deambula pola diplomacia, pola investigación histórica, pola tradución poética ou ensaística, polo xornalismo, que cultiva a súa amizade con persoas e artistas da mesma diversa condición e nacionalidade, en fin, é o mesmo Tobío do Seminario de Estudos Galegos, do anteproxecto de Estatuto de Autonomía para Galicia, do Consello de Galiza... porque formou parte dunha xeración formada e educada na valiosísima idea do progreso con identidade, do positivo valor do noso achegamento ao exterior para sermos máis e mellores. É o universalismo galeguista que debería ser o noso pan de cada día, a nosa biblia en tempos de mundialización.

No “Suplemento” gratuito da revista Nós do Día da Patria de 1933, Tobío inserirá o pequeno ensaio “Por qué debemos falar en galego”. Nel define o idioma

como a máis xurdia eispresión da i-alma colectiva de Galicia e preconiza que o labor de erguemento social da lingua constitúe a forma insustituíbel que debe levar a nosa aportación ó progreso e á cultura do mundo enteiro. Ademais de facer un chamamento a empregar o galego á cotío, “en público i-en privado”, Tobío defende aquí o seu valor universal por ser irmán do portugués e salienta a súa condición de idioma das clases populares do país.

Sería, por certo, Tobío, nun artigo escrito en 1970, unha das primeiras voces en salientar como méritos moi principais do “Boletín da Cultura Galega” que dirixiron Risco e Castelao o feito de estar redactado enteiraemente en galego, contribuindo de xeito decisivo para o proceso de estandarización da nosa lingua, deixando sen efecto algúns dos preconceitos que sobre a súa presunta “inutilidade” ou falta de “valía” da lingua existían na Galicia de entón. Esa preocupación por desacomplexar, por dignificar e mellorar a lingua estaría sempre presente na traxectoria e no labor de Tobío.

Tobío foi un galeguista á vez racional e sentimental. Cando en decembro de 1931 se funda en Pontevedra

o Partido Galeguista, el non participa por estar en Madrid cos seus cursos de doutoramento, pero xa contan con el. Así, ingresa nel axiña e tamén pasa a ser membro do seu Consello Executivo.

Tobío integrouse de primeiras nalgún dos “equipos sonoros”, como chamaba Castelao aos grupos que se dedicaban a espallar as ideas galeguistas polo país adiante. Nesas xeiras, Tobío teimaba contra os imperialismos e a súa política de esmagamento das pequenas nacións, das súas tradicións e xeitos de vivir, as súas falas e arelas de progreso. Tobío identificábase a fondo co punto IV do tetrólogo galeguista: “Galicia, célula de universalidade: antiimperialismo, federalismo internacional, pacifismo”.

Nesa militancia política comprometida co galeguismo, Tobío fixo unha achega singular que o confirmará para sempre como unha das súas figuras máis sobranceiras. Cando o galeguismo republicano no exilio, encabezado por Castelao, pretende criar un organismo de dereito público que fose depositario da legalidade autonómica dimanada do plebiscito de 1936, Tobío, como xa se explicou, suxire, nunha entrevista mantida con Castelao en Montevideo, en

1944, a proclamación do Consello de Galiza como ente fideicomisario da vontade autonómica popular galega, podendo a partir de entón a nosa Terra aparecer a carón dos gobernos autonómicos plenos de Catalunya e Euzkadi, agrupando aos nosos deputados no exilio.

A segunda achega de gran valor cualitativo de Tobío ten que ver coa publicación da primeira Historia de Galicia. Lembremos que Castelao, no leito de morte, pídelle a Manuel Puente que promova a redacción e publicación dunha Historia de Galicia que ía dirixir Otero Pedrayo. Tobío é quen fai posible, en derradeiro termo, a edición dos dous primeiros volumes desta importantísima obra, poñendo orde e entusiasmo entre tanta vontade e xenerosidade. Otero Pedrayo, con quen traballou en estreito contacto, chegou a cualificar o labor de Tobío como un modelo de traballo, e a obra resultante, algo certamente sen precedentes.

A terceira gran achega de Tobío ten que ver coa decisión do Consello de Galiza de convocar o Primeiro Congreso da Emigración Galega, que se celebrará en Bos Aires entre o 21 e 31 de xullo de 1956. Tobío

desenvolve un enorme labor para a digna realización deste evento, favorecendo, coa súa habilidade diplomática, o encontro de vontades no plano político, non sempre doado, e redactando os documentos básicos deste encontro, documentos todos eles de carácter elemental, e por iso mesmo confiados a quen non podía defraudalos.

Lois Tobío non foi un diplomático de costas a Galicia, senón un universalista e galeguista, incompleto e inmaximable sen o seu compromiso cívico a prol dunha sociedade na que reverdezan os idearios de liberdade e de xustiza. En última instancia, era un librepensador que cría na forza das ideas construtivas, unha actitude espertada nos primeiros anos da súa vida amosando unha sensibilidade para coa humanidade e bondade das persoas, condutas e apreciacións que ían moito máis alá do saber de cada quen.

Quen viaxara por Europa percibía en Galicia unha profunda colección de raíces europeas, doutra fondera e seiva que o espaxado europeísmo de imitación e servidume, como dixera Fernández del Riego. Chegou a ser un home de América onde viviu longas décadas como exiliado, pero profesando sempre un fondo europeísmo.

O universalismo de Tobío foi esencialmente político e cultural, fundamentado na firme convicción de que non se trataba de erguer valados senón de cultivar o noso xardín, explicaba, no que se dan flores distintas ás doutros, pero todas para enriquecemento da vida de toda a humanidade. Nada máis afastado, pois, desas ideas hoxe en voga de que os nacionalismos son un paso atrás, desestabilizadores, inviábeis, vencellados a proxectos autoritarios ou que van contra corrente.

Tobío e os galeguistas sempre estiveron abertos ao exterior, onde pensaban que podían atopar valiosas ideas e experiencias, exemplo e axuda, fuxindo da reclusión e a introversión que os podía levar a converterse en nacionalismos de campanario por un exceso de purismo, expresión esta do propio viveirense. Esa atención ao exterior será un factor ao que sempre prestará atención, actuando como un ingrediente natural das súas preocupacións máis esenciais. Para Tobío, por exemplo, a consolidación do Seminario de Estudos Galegos resultaría inseparable do establecemento de relacións e vencellos fraternais con outras entidades semellantes de España e

de fóra; ou é incapaz de imaxinar “El Pueblo Gallego” que Portela Valladares quería converter no primeiro xornal de Galicia se non é o mellor informado “en cousas da casa e de fóra”. Ao longo da súa vida, esa preocupación estará presente e acabará sendo o seu *modus vivendi* natural.

E non se trata dunha atención aos fenómenos políticos con carácter exclusivo, aos conflitos e tendencias internacionais de todo un século, senón que o universalismo de Tobío incorpora un enorme peso cultural. A súa sensibilidade neste aspecto é merecente de destaque. Esa atracción por outras culturas é experimentada dende os anos mozos, nas súas lecturas de Montaigne e outros autores románticos e malditos que o introducirán na literatura francesa que tanto amará e á que tanto lle debe, segundo asegura el mesmo, en formación e gozo. O seu seguimento activo da vida cultural en todas as cidades e lugares onde viviu, de Europa a América, de Berlín a Montevideo, acrecentaron esa ampla cosmovisión capaz de unir e relacionar a Van Gogh e Castelao, de apreciar o alleo valorando o propio na súa xusta medida, sen estridencias nin excesos de signo algún.

Política, cultura; o propio e o alleo, non funcionan en Tobío como mundos separados por barreiras infranqueables. Quizais por iso sempre admirou, por exemplo, ese loable costume, moi ao uso nos países latinoamericanos, de enviar a poetas e escritores como embaixadores ou cónsules a terceiros países.

É perfectamente comprensible pois, que o amor e devoción que sente por Galicia non sexa obstáculo para impregnarse doutras culturas e realizar, de Rilke a Brecht pasando por Goethe e tantos outros, magníficas traducións, moitas delas premiadas e amplamente recoñecidas, algunhas directamente ao galego, “porque a nosa lingua préstase para verter nela os máis delicados matices doutras máis traballadas como instrumento literario”, escribiu nunha ocasión; ou mesmo abrigar a xenerosidade suficiente como para ser un devoto amante da arte e cultura bizantinas.

Sempre quixo servir a Galicia e preservou a lealdade co galeguismo, o auténtico nervio que moldeaba os seus outros avatares. Antes da guerra, atópandose en Madrid para o seu doutoramento, procuraba o contacto cos deputados do PG, véndose a diario

nun café da rúa Peligros con Castelao, Villar Ponte e Otero Pedrayo. Tobío gardou sempre o recordo daquela época (o inverno de 1931-32) en que con mais lecer e de xeito mais seguido mantivo a relación con eses tres grandes homes, “espíritos superiores, mentes claras con alteza de miras e recta moral”. Tobío confesou que sintonizaba máis con Castelao que con ningún outro, mesmo que con Antón, sendo da súa vila viveirán. Otero, que tiña un aquel como de antigo sabio grego, marabillou a Castelao polo moito que sabía e pola súa gran calidade humana. Poucas veces na miña vida, confesaría, haberei atopar homes de tan excelsa calidade.

Despois da guerra, no exilio, procurou manter sempre tamén o contacto co galeguismo organizado asumindo con lealdade as tarefas confiadas. En 1941, por exemplo, encomendáselle a elaboración dun número extraordinario da revista Alma Gallega con motivo do 25 de xullo. Tobío pide entón colaboracións a Castelao, Seoane, Colmeiro, Emilio Pita, Arturo Cuadrado, etc. e como resultado, un monográfico para a historia. Tobío era tamén común na comitiva que acompañaba ás consideradas grandes persona-

lidades que chegaban por aqueles lares. En 1957 tivo impacto nel a visita de Salvador de Madariaga que daquela militaba contra Franco e a favor da restauración da monarquía constitucional, unha posición que co paso do tempo habería de recoñecer se ben naquel entón produciríalle certo desconcerto.

Tobío impartía excelsas conferencias en Montevideo e Buenos Aires e acompañaba as conferencias dos galeguistas do interior que visitaban ás colonias da emigración. En 1947, por exemplo, presentou a Otero Pedrayo na Casa de Galicia e no Ateneo de Montevideo. Uns anos mais tarde faría o propio con Del Riego na universidade. E, naturalmente, acompañaría a Castelao nas súas visitas a Montevideo, destacando cando así se lle indicaba, sen buscar notoriedade interesada algunha.

No Día de Galicia de 1948, participa con Blanco Amor e outros en Buenos Aires nas xornadas en que Castelao pronunciou a “Alba de gloria” que acendería o fervor de todos os galegos. Tobío reivindicaría sempre o enorme papel desempeñado por aqueles galegos do exilio a prol do país, cunha entrega exemplar á causa da nosa Terra, a prol do prestixio das nosas xentes e da nosa cultura.

O compromiso galeguista e universalista de Tobío, de quen quixo e soubo exercer de galego por ese mundo adiante que voluntaria e involuntariamente debeu percorrer, é o dunha voz políglota e singular que precisamos reivindicar e divulgar para que o seu alento nobre e cosmopolita permaneza para sempre entre nós. Para sermos nós.

3.2 Tradutor

Como teñen sinalado Marga Romero e Emilio Xosé Ínsua, Tobío e moitos outros membros da súa xeración, a do Seminario de Estudos Galegos, demostraron por activa e por pasiva que só desde o amor e a identificación cordial co propio (lingua, historia, costumes...) se pode acceder á percepción, á comprensión e ao verdadeiro gozo do distinto, do foráneo, do alleo. Ser universal e universalista non é, non pode ser, renegar do particular e do propio, nin tampouco menosprezalo, senón proxectar ese particular e ese propio ao mundo e sobre o mundo, para enriquecelo. Desde esa perspectiva, amar, valorizar e coñecer a propia lingua, a propia terra, a propia cultura non é senón a chave mestra para amar, valorizar e coñecer tódalas demais.

O amor do galeguista Tobío polas linguas e o seu poliglotismo activo son síntomas evidentes desta actitude aberta e autenticamente universalista de que fixo sempre gala, pois para el “o coñecemento dunha nova lingua é coma entrar nun mundo novo, coma ter outra vida”, di nas *Décadas*. Ao castelán en que foi educado polos seus pais e pola escola e ao galego dos seus amores, zogado desde o berce no Viveiro popular de comezos do século XX e na Compostela e arredores do val da Mahía dos anos 20, foi agregando durante a súa dilatada existencia o coñecemento e o cariño por outras moitas linguas: o francés, o alemán, o portugués, o búlgaro, o catalán, o inglés, algo de checo, algo de ruso... Nas súas *Décadas* deixou reflectida a decepción que o embargou por non ter disposto no transcurso da súa vida académica de bos profesores na lingua de Roma, “pois non sei o que hoxe daría por poder ler en latín de corrido a Tácito u Ovidio”.

A súa intensa experiencia viaxeira, quer como estudante, quer por razóns do traballo como diplomático, quer polos avatares penosos da súa traxectoria cívica de republicano e galeguista exiliado após a

guerra in-civil, quer, en fin, por puro pracer, esper-tou nel unha especial sensibilidade cara á diversidade cultural e cara ás linguas en que aquela, efectivamente, asenta e se manifesta.

E certamente, en 1926, contando tan só vinte anos de idade, o mozo Tobío atreveuse a impartir no Seminario de Estudos Galegos un curso de Fonética Galega, “en comparanza coa dos demais idiomas peninsulares”, segundo reza a nota que a tal respecto inseriu o boletín ourensán *Nós* (nº 35, 15.11.1926). No verán de 1928, rematada a súa licenciatura, Tobío pasou na Guarda uns días na casa do seu amigo e compañeiro de estudos Joaquín Sobrino e aproveitou a ocasión para visitar por vez primeira Portugal. Alí, segundo confesará máis tarde, sentiuse como na súa casa, constatando que “a miña pobre fala, des-deñada, esquecida pola nosa burguesía e señorío, botada do mundo oficial e do ensino, tiña alí status senlleiro e total con todos os beneficios e vantaxes que lle cumpren. E, xa que logo, sentía vergonza, envexa e mágoa polo que na miña terra pasara. Pero dábame certo consolo saber que, gracias a Portugal, nel e noutras nacións espalladas polo mundo se tiña

salvado a antiga e nobre lingua dos meus”, recolle nas *Décadas*.

O seu coñecemento do alemán foi moi profundo. Lembremos que comezou a adquirilo cando adolescente en Compostela, da man dos profesores José Arbaiza Basoa, Marcial Rodríguez Cebral e Emil Blechmann. Nas *Décadas* explica a este respecto: “Ademais matriculeime no curso de alemán pois, anque só era obrigatorio para os que seguían medicina, coidei interesante coñecer unha lingua coma esa xa que tiña ocasión. E esta decisión que tomei un pouco á lixeira e sen moito pensar, por *sport*, coma se dicía entón, ha ter grande importancia na miña vida”. Tobío perfeccionou definitivamente o seu alemán durante a súa estadía en Berlín no curso 1929-1930. Nesa cidade, que fervía daquela política e socialmente, nos prolegómenos do ascenso ao poder das hostes hitlerianas, coincidiu e conviviu con Felipe Fernández Armesto (*Augusto Assía*), Francisco Ayala, José Candedo, Corpus Barga e Vicente Risco. Do seu saber sobre a lingua teutónica valeuse, xa nos anos 30, Emile Skézely, futura esposa de Salvador de Madariaga, para dar cumprido cabo a unha tradución da obra de

Hans Fallada (pseudónimo de Rudolf Ditzgen, 1893-1947) intitulada *Kleinner Mann, was nun?*, traducida para o español como *¿Y ahora qué?*.

Canto ao francés, aprendido na escola desde neno, foi idioma empregado a cotío por Lois Tobío no seu labor diplomático, tanto en Bulgaria como, xa durante a guerra, noutros países da área mediterránea. Tobío foi un namorado da literatura francesa, desde François Villon (en homenaxe a esta figura medieval bautizou unha sección súa no xornal de Montevideo *El Día* co rótulo de “Nieves de antaño”, inspirado nun verso seu), ata os decadentistas decimonónicos finiseculares todos (Baudelaire, Rimbaud, Verlaine...).

Na capital búlgara, Sofia, tratou moitos xudeus sefardís (descendentes daqueles expulsados no século XV da Coroa de Castela pola raíña Isabel a Católica) e mercou libros escritos nese arcaico castelán, aínda que acabaron perdéndose nas reviravoltas da guerra do 36. Tamén durante a súa estada en Bulgaria, Tobío, segundo as súas propias palabras, “no desexo de coñecer máis a fondo aquel pobo e tamén por curiosidade intelectual”, púxose a aprender o búlgaro e tratou a varias escritoras nesa lingua, como Dora

Gabé e maila autora de *O eterno e o sagrado (Vechnata i svyatata)*, Elisaveta Bagriana (1893-1991).

Á nómina de linguas que aprendeu aínda hai que engadir o catalán que falaba a súa muller, e o inglés aprendido durante a súa breve estadía como exiliado en New York e en Cuba, antes de recalar en Montevideo.

Loxicamente, Tobío aproveitou este seu dominio de diversas linguas de moi diversas maneiras. Fundamental foi, por exemplo, o seu saber do alemán e o francés para aprobar a oposición de ingreso na Carreira Diplomática, en 1933. Valeulle tamén, profesionalmente, para entrar a traballar, en 1947, no departamento de publicacións e propaganda da casa farmacéutica “Roche” (para facer traducións desde e/ou para francés, inglés e alemán), e algún tempo despois, acceder a un posto de tradutor na ONU, ao que non obstante, como sinalamos, renunciaría axiña. Cando foi xubilado pola “Roche”, en 1973, dedicouse durante medio ano a facer traducións de índole comercial, ata que chegou o reingreso no corpo diplomático.

As traducións foron unha actividade e complemento económico fundamental para Tobío poder afrontar as cruzezas e intemperies do duro exilio americano, após o tráxico 36-39 e en tanto non atopaba outros camiños para se asegurar certa estabilidade.

En 1940 emprendeu en Cuba a tradución da *Teoría del Estado (Staatslehre)* de Hermann Heller (1891-1933). Este labor, que en palabras do propio Tobío “constituía para min un grande gozo intelectual”, concluíu en 1942 e foi editado en 1943 no Fondo de Cultura Económica mexicano, sendo obxecto aínda hoxe de constantes reimpresións. Moitos dirán, mesmo agora, que a súa tradución foi “modélica”, dunha gran solidez científica e honestidade.

Tamén traduciu desde o alemán para a editorial bonaerense NOVA, moi vencellada á figura de Luís Seoane, varios discursos de contido anti-hitleriano e anti-nazi (“Escoita, Alemaña”, outras veces traducidos como “Alemáns, oíde”) do escritor e premio Nobel de Literatura (1929), Thomas Mann (1875-1955), autor de ben coñecidas obras como *A montaña máxica (Der Zauberberg)* e *Morte en Venecia (Tod in Venedig)*.

Pro pane lucrando, como acertadamente sinala Emilio Xosé Ínsua, realizou Tobío en Uruguai, durante os seus longos vinte anos de exilio nese país do Plata, algunhas traducións do inglés e do alemán para o español, con destino á Editorial Sudamericana bonaerense. Asinou, deste xeito, a tradución do *Narziss und Goldmund*, de Hermann Hesse (1877-1962), premio Nobel de Literatura (1946). Como é sabido, trátase dunha novela de forte pegada autobiográfica e introspectiva, editada orixinariamente en 1930, que desenvolve as vidas paralelas de dous seminaristas medievais, Narciso e Goldmundo, de personalidades en moitos aspectos antitéticas. Desde 1976, esta tradución de Tobío figura no catálogo da casa editora Edhasa, de Barcelona. A novena reimpresión, na colección Pocket, nº 18, data de novembro de 2002.

Tamén saíu da pluma do noso autor a tradución de *The Nephew*, obra editada en 1961 polo novelista norteamericano James Purdy (n. 1927), famoso no seu tempo por introducir a temática da homosexualidade masculina nos seus textos e por ofrecer unha visión moi crítica da sociedade.

Tobío verteu para o español, igualmente, cos títulos de *La juventud del Rey Enrique IV* e *La madurez de Enrique IV*, as dúas partes da biografía novelada do monarca Henrique IV (o instaurador da dinastía dos Borbóns no solo francés) feita por Heinrich Mann (1871-1950), irmán do autor de *Morte en Venecia*. Ambas novelas foran publicadas orixinarimente en 1935 e 1938, respectivamente, e están accesíbeis para o lector hispano desde 1998 na xa citada colección Pocket de Edhasa, números 123 e 124, respectivamente.

Así mesmo, como tivo ocasión de demostrar na súa tese de doutoramento sobre Tobío o investigador Francisco Maseda, foi Tobío responsable da tradución publicada pola editora Hermes arxentina en 1963 dunha das obras do profesor da Universidade de Georgetown, Carrol Quigley (1910-1977), *La evolución de las civilizaciones*. Quigley foi un historiador e teórico deste asunto, pormenorizando ademais no estudo das sociedades secretas. Profesor do presidente estadounidense Bill Clinton, entón pasou bastante desapercibido este traballo a pesar de que para Tobío era merecente de moita atención.

Alén destas traducións de índole estritamente literaria, Tobío afrontou a de senllos volumes de divulgación histórica, *The Life of Greece* (=Vida dos gregos) e *Caesar and Christ* (César e Xesuscristo), ambos do estadounidense Will Durant (1885-1981) e mais a do libro *The Man of the Renaissance* (=O home do Renacemento), de Ralph Roeder (n. 1890). O libro de Roeder foi recomendado en Buenos Aires como o “libro del mes” (maio de 1946).

En efecto, todos estes traballos valéronlle a Tobío constantes eloxios dos principais críticos literarios porteños da época, como J. L. Borges, Bioy Casares, Victoria Ocampo ou Rodríguez Monegal, mais tamén suscitaron algúns avatares desagradables. Así, a tradución das citadas novelas de H. Mann foi alterada e retocada posteriormente por ditado do editor sen a pertinente autorización de Tobío, e, como el propio relatou nas Décadas, a súa tradución do *Narciso e Goldmundo* hessiano resultou descaradamente plaxiada en México por certo autor, que procedeu “mudando tamén algunhas frases e palabras e dán-doa como súa”.

A motivación basicamente económica das traducións hispanófonas que Tobío realizou para diversas editoras durante o seu exilio uruguaio, está totalmente ausente nos seus traballos de vertido para o galego (“mi lengua natural, cultural y fundamental”, segundo lle asegura ao xornalista Carlos García Bayón nunha entrevista publicada en *La Voz de Galicia* en xullo de 1991) dunha serie de textos emblemáticos de diversas literaturas europeas (alemá, inglesa, francesa...).

Efectivamente, foi este un labor arduo, paciente, constante, xeneroso e altruísta, co que o intelectual viveirense quixo emprestar un servizo fundamental, outro máis, á causa da dignificación do noso idioma e á tarefa de modernización das nosas letras, sinalaría Ínsua, posibilitando o seu diálogo coa matriz literaria europea. Constanza Tobío Soler, a súa filla, ten escrito nalgunha ocasión que esa actividade de poñer en galego textos dos máis importantes escritores europeos foi “fonte para el de enorme pracer, á vez que cargada de intencionalidade en canto achega á cultura galega” (*Galicia Hoxe*, Santiago, 11.3.2004). Recordaba tamén que as súas

dúas linguas preferidas eran o alemán e o galego, sobre todo para as versións poéticas.

Que o noso autor coidaba que moito do prestixio do galego se xogaba na súa capacidade para asimilar o mellor da literatura feita no Vello Continente ponse ben de manifesto no arroubo e admiración con que fala nas súas *Décadas* da pioneira tradución dalgúns fragmentos do *Ulysses* (1922) de James Joyce (1882-1941) - para moitos, a novela que inicia tecnicamente a narrativa contemporánea- feita por Otero Pedrayo en 1926 e publicada no boletín ourensán *Nós*.

En 1946 e desde Montevideo, Tobío envía unha colección de poemas ingleses e franceses traducidos para galego ao certame convocado pola Federación de Sociedades Galegas na Arxentina, co gallo de se cumprir o vintecinco aniversario da fundación desta entidade referencial da nosa colectividade emigrada en Bos Aires. Canda el fan o propio con senllas coleccións de poemas tamén traducidos outros dous galeguistas exiliados, o valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán, desde México, e o corcubionés Plácido Ramón Castro del Río, desde Inglaterra. A citada Federación reuniría finalmente estes traballos (57

en total, dos cales 24 corresponden a Plácido, 13 a Gurriarán e os restantes a Tobío) no volume *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (Ed. Alborada, Buenos Aires, 1949), que foi reeditado pola Editorial Galaxia de Vigo en 2005, co patrocinio da Fundación CaixaGalicia.

No limiar que o propio Tobío redactou para o volume que nos ocupa, fican expresadas con claridade meridiana as coordenadas desde as que cumpría entender e acoller unha obra desas características. A lingua e a literatura galegas benefíciáanse do contacto con outras, pois, son palabras del, “os aires de fora limpan, refrescan, renovan. A voz de Galicia ten que se ouvir no mundo e as do mundo en Galicia”. O labor tradutor, duro e difícil, resulta non obstante sumamente frutífero, tanto para o escritor que o emprende como para a lingua á que verte as producións foráneas. Mercé a traducións como as que no volume se recollen, conclúe Tobío, “o alleo é agora noso”.

Na nómina de autores que Tobío traduce para galego figuran os románticos “lakistas” ingleses Shelley (1792-1822), Keats (1795-1821), Tennyson (1809-1892)

e Longfellow (1807-1882) e os “decadentistas” e pre-
vanguardistas franceses Charles Baudelaire (1821-
1867), Paul Verlaine (1844-1896), Paul Bourget (1852-
1935), Arthur Rimbaud (1854-1891), René Laporte
(1905-1954) e Louise de Vilmorin (1902-1969).

Non pode sorprender este profundo e variado co-
ñecemento da poesía inglesa e francesa do século
XIX en Tobío, pois el mesmo se ten referido á inten-
sidade con que as lía durante diferentes momentos
da súa traxectoria vital. Así, na súa adolescencia e
mocidade, en tempos do Seminario de Estudos Ga-
legos, acontecía que “eu lía tamén daquela moita
poesía galega, castelá, francesa e mesmo catalana:
Maragall, o “Himne ibèric”, “La vaca cega”. Despois
de varios anos cos románticos, na adolescencia, Zo-
rrilla, Espronceda, Pastor Díaz, Lamartine e Musset,
eran agora compañeiros cotiáns os modernistas,
Rubén, os poetas malditos, máis ca nada Verlaine.
Adoitaba ler a poesía en voz alta para saborear a súa
musicalidade, mesmo diante de amigos, en peque-
nos recitais caseiros. Deste xeito chegou a saber de
memoria moitos poemas, lembra nas *Décadas*. Así
tamén lembra nelas que durante a súa estadia como

diplomático en Sofía que “endexamais estiven tan mergullado coma entón na literatura francesa do momento: Claudel, Morand, Giradoux, Montherland, Maurois, Mauriac... e o patriarca Proust eran a miña compañía diaria, xunto cos poetas malditos, nunca esquecidos, e, dos recentes, a condesa de Noailles e o gran Valery”.

Tobío verte para o idioma galego, igualmente, algunhas das xoias das letras xermanas, das que adquirira os primeiros exemplares xa en 1930, cando vivira en Berlín. Así os *Sonetos a Orfeu* (*Die Sonette an Orpheus*) do escritor checo en lingua alemá Rainer M^a Rilke (1875-1926), publicados polas Edicións do Castro en 1980 e reeditados en edición de Marga Romero pola “Biblioteca Galega de Clásicos Universais” que promoveu o xornal coruñés *La Voz de Galicia*, facendo o seu volume 31.

Tamén fai Tobío a versión para galego (nun galego, di Ínsua, repleto de modismos típicos da fala popular da Terra de Viveiro, como *alpuxarra*, *abitar*, etc.) da peza *Nai coraxe e máis os seus fillos*, de Bertold Brecht (1898-1956), publicada polas Edicións do Castro en 1987. Editada orixinariamente en 1941 e ambientada

nas guerras de relixión centroeuropeas de mediados do século XVII, constitúe esta obra, como é ben sabido, un dos cumios do teatro político e antibelicista universal, pola contundencia con que denuncia os males da guerra e amosa a inversión de valores que esta leva sempre aparellada.

Despois de que Otero Pedrayo fixese os primeiros intentos, é Lois Tobío quen culmina final e felizmente a ciclópea tarefa de traer para a nosa lingua o monumental Fausto de Goethe (1749-1832), tirado do prelo pola casa Laiovento, de Francisco Pillado, en 1997, merecedor do Primeiro “Premio de Tradución Plácido R. Castro” (2002) e reeditado tamén na xa citada “Biblioteca Galega de Clásicos Universais” (volume 10).

Consta, por último, que tamén traballou Tobío na tradución para o galego das *Elexías de Duíno*, de Rilke, mais ao coñecer a edición da obra que Jaime Santoro de Membiela preparou e editou en 1995 na “Espiral Maior” de Fernán-Vello, decidiu gardar o seu traballo no caixón, nun enésimo acto de humildade e de “diplomacia” pola súa parte...

Gran lector de poesía, a tradución constituía para Tobío unha vertente fundamental da súa actividade intelectual, que tiña unha compoñente de pracer íntimo, persoal, pero tamén militante, de achega, de facer de mediador entre linguas e entre culturas.

3.3 O xornalismo

No feixe de actividades que sinalan o devalar profesional de Tobío, especialmente nos anos do exilio, cabe destacar a súa inclinación polo xornalismo, que xa tentara nos seus anos mais mozos. De feito, no tempo en que reside en Berlín, é animado por Felipe Fernández Armesto, quen chegara á capital alemá en 1928, a ser correspondente do Heraldo de Madrid, iniciativa que non chega a calar.

A súa relación co xornalismo avanza por dúas sendas. Unha primeira ten que ver co galeguismo. Colaborou na revista Galicia Emigrante e implicouse a fondo nun programa de radio, Sempre en Galiza, o mais antigo da radio uruguaia, en radio Carve, emisións iniciadas en 1950, ano da morte de Castelao e tomando o título da obra do rianxeiro. Radio Carve era unha

das emisoras mais importantes de Uruguai e as audi-
cións eran moi seguidas polos galegos de Uruguai e
da Arxentina. Cando se cumpriron os 50 anos da súa
posta en antena, unha delegación de Montevideo vi-
sitou Madrid, onde xa residía entón, para organizar
con el diversas homenaxes e programas especiais
da radio. A inmensa maioría dos galegos residen-
tes en Uruguai escoitaban todos os domingos aquel
programa que tiña un pouco de todo: música, entre-
vistas, e numerosos textos sobre Galicia xa fora refe-
rentes á historia, os costumes, os lugares, etc. Moitos
deses textos eran escritos polo propio Tobío e tiñan
por misión manter viva a memoria dos que tiveran
que abandonar o país anos atrás.

Tamén publicaría textos diversos sobre varias temá-
ticas en diferentes publicacións da diáspora, habi-
tualmente confeccionadas polos centros galegos de
países como Arxentina, Venezuela, etc.

A segunda senda de Tobío no eido do xornalismo
é inseparable, en primeiro lugar, das súas colabo-
racións no xornal El Día. Cómpre lembrar que ne-
ses anos, a devoción de Tobío polas artes plásticas
atopou especial acubillo, especialmente da man do

pintor Torres García, e retomou a senda das tertulias, especialmente a comandada por Marino Mora que levou a Tobío a coñecer a familia dos Batlle Pacheco, donos do xornal El Día, e convidárono a colaborar nel.

As preocupacións intelectuais de Tobío eran moitas e tanto discorrían pola análise política como pola senda da arte, en especial, o mundo bizantino. Tobío encargouse de colaboracións semanais sobre temas internacionais que levou adiante desde o período da II Guerra Mundial. No suplemento dominical insería outros artigos e breves ensaios de carácter histórico, literario ou artístico. Os Batlle, procedentes de Sitges, completaban a súa empresa de comunicación coa Radio Ariel.

O xornalismo en papel foi axiña complementado coas súas colaboracións nesta emisora, onde tamén trataba temas de política internacional e igualmente outros de carácter cultural, por veces en series e cursoñs sobre temas varios con clara vocación pedagóxica e formativa.

Asentado como xornalista e locutor de radio, en 1944 recibe a oferta de El Día de asumir un posto de redactor permanente, o cal permitiríalle mellorar a

súa situación económica, ata entón “non moi lucida”. A súa principal tarefa consistía en facer entrevistas a personalidades estranxeiras que chegaban ao país e a uruguaio que voltaban dalgunha misión no estranxeiro, ademais dos artigos en que comentaba a política internacional, que xa viña publicando. Tamén, ocasionalmente, escribía editoriais. En calquera caso, sempre tomando boa conta de que “non se podía dicir cousa ningunha que supuxese censura ou crítica cara os ingleses e norteamericanos por máis que fose lene ou matizada”. Algunha vez, algún artigo do propio Tobío sufrirá a condena da preeminencia anglosaxona ...

Consolidado como analista de referencia, as súas colaboracións alcanzan a Venezuela, publicando en Caracas no diario El Universal e na revista Elite.

É unha magoa que estas colaboracións de Tobío que nos achegan unha ampla visión do mundo da época, dos seus conflitos e tendencias, analizadas co rigor dunha pluma portadora dunha ampla cultura e experiencia, non estean aínda catalogadas para ser obxecto do debido estudo. Este, con seguridade, nos achegaría algún trazo inédito da poliédrica figura que representa o noso autor.



4/AS CONSTANTES DE LOIS TOBÍO

4.1. Curiosidade intelectual

Tobío era, primeiro que nada, un home de cultura, un intelectual que gozaba con ela en todas as súas manifestacións, entendéndoa como a dimensión mais substancial do ser humano. Non por iso, sen embargo, tendería a entronizala nunha capela apartándose do mundo real senón moi polo contrario, sería a rede que nutriría os demais compromisos vitais.

A innata curiosidade de Tobío levaríao a explorar diversos saberes e culturas, facendo gala sempre dunha especial ductilidade cunha actitude aberta e afastada de calquera chovinismo. O seu humanismo, presente no conxunto desa xeración irrepertible, reflectíase no seu espírito viaxeiro que sempre mantivo pero tamén na inmensa devoción polas artes plásticas, que ao longo de toda a súa vida lle permitirá coñecer a moitas figuras de relevancia neste e noutros eidos. Nunca renunciaría, por exemplo, a cultivar a paixón pola música, incluída a popular, reflectida no coñecemento e admiración de múltiples cantigas e en diferentes linguas, que soubo manter no seu maxín ata os derradeiros días como nos testemuña nas Décadas.

Mesmo exercendo a súa responsabilidade en Roche, en teoría nun mundo farmacéutico bastante afastado de primeiras dunha iniciativa cultural, Tobío foi quen de alentar unha alianza entre a medicina e a cultura que tomou corpo en series de láminas artísticas que tanto servían para louvar as bondades dos analxésicos da empresa como para destacar as habelencias dun determinado pintor ou dun poeta que el mesmo coidaba de elixir entre figuras destacadas e accesibles.

A súa curiosidade non tiña fronteiras nin xeográficas nin culturais. Lembro que na tarde do 13 de xuño de 2001, cando no Ateneo de Madrid se lle rendeu unha homenaxe, antes do evento, na súa casa da rúa Bonetero, levei a Tobío unha caixiña de té chinés que nel relembrou as tardes que tiña pasado coa súa muller en Montevideo na casa de Phyllis Ling-Cho, unha chinesa pintora e poeta, entre outros, degustando unha cunca de cha. Esta chinesa formada en EUA fora amiga do influente escritor Lin Yutang e vivira en París. Filla dun ministro de Facenda, casara con un compañeiro de estudos de Mao Zedong. Eran “dous seres superiores”, chegou a dicir Tobío deles.

Ling-Cho, de cutis nacarado, había transmitir a Melu, a súa esposa, grandes habelencias na gastronomía chinesa.

Era Tobío, pois, un alma capaz de integrar todos os saberes e sensibilidades sen conflito pola simple razón de profesar o íntimo convencemento de que na cultura radica a esencia última das cousas. Por iso nunca deixaría de admirar e aprender de todo canto a vida lle ofrecía.

4.2 Sensibilidade progresista

Tobío foi sempre considerado como un galeguista ideoloxicamente situado na esquerda e progresista, mesmo marxista, confrontado polo tanto á dereita galeguista que, por outra banda, representaban en boa medida, personaxes que el tanto tratou como Figueira Valverde ou Vicente Risco. A estadía en Berlín e os contactos que daquela mantivera coa socialdemocracia influíron sensiblemente na conformación dun ideario que non perde de vista a importancia da xustiza social para configurar sociedades verdadeiramente democráticas. Non obstante, tamén Tobío procurou dende moi novo tanto recoñecer os

abrentes rosados e cheos de promesas como os desdés inhumanos que poden chegar a alentarse por incoherencia e paixón dogmática.

Non foi alleo ao enorme impacto da Revolución boixeique, que espertou grandes esperanzas e simpatías en moitos ambientes nos anos vinte e trinta, pero pronto soubo advertir naquela alternativa os signos dunha deshumanización que acabaría por estragar canto de emancipación puidera incorporar.

Aínda así, Tobío, que podía compartir aquela crítica heterodoxa –como a de Heller– que fuxía do establecemento de novas capelas sen deixar de recoñecer a xusteza da crítica que o marxismo facía tamén do capitalismo imperante, mantivo sempre a súa lealdade coas posicións progresistas nos debates sociais da época, xa nos refiramos á defensa do laicismo ou de tantos loitadores antifascistas que estaban á espera do debido recoñecemento histórico.

O progresismo de Tobío invoca un ideal de liberdade e de democracia que debe ter como epicentro a preocupación pola dignidade humana. Pode que para algúns sexan estes vimbios ambiguos para soste-

unha rexa posición ideolóxica, pero as actitudes que mantivo ao longo da súa vida nos indican con claridade cara a que banda un se debe decantar cando os profesa con sinceridade e lealdade e cando afronta coa debida coherencia situacións nas que outra non queda que definirse.

4.3 Un home de acción

Tobío contaba cunha forte capacidade organizativa e rigor no actuar que o facía indispensable entre os seus para acometer certas tarefas. A súa vocación estruturadora e capacidade de traballo estaban fóra de toda dúbida. Por iso, cómpre destacar ese atributo singular e tan pouco común en persoas que como el dispoñen tamén de grandes dotes creativas no intelectual.

A súa perspicacia á hora de encarar os problemas combinada cunha ampla formación e dotes de disciplina e mando facían del unha persoa especialmente confiable para os seus coetáneos. A responsabilidade e tesón á hora de afrontar cometidos nos que outros fracasaban, aseguraba o éxito de calquera empresa.

A combinación de capacidades de estudo e de organización manifestáronse nel sendo moi novo, como podemos apreciar, e foi gañando destreza nelas co paso dos anos, permitíndolle atender a unha e mil cousas cunha gran riqueza de matices e manifestacións.

As súas cualidades para idear e dar forma aos proxectos, sustentándoos solidamente dende o punto de vista xurídico eran acompañadas dunha excelencia organizativa que permitía planificar e optimizar os recursos e posibilidades dispoñibles en cada ocasión cunha metódica e unha perseveranza exemplares. Isto explica que alá onde estivo sempre acabara por asumir funcións en boa medida fundacionais e-ou dinamizadoras que permitían que as boas ideas se puideran converter en realidades palpables.

Neste sentido, de non ser pola guerra, estaba chamado sen dúbida a desempeñar postos de gran responsabilidade e de servizo que resultarían, abofé, de gran utilidade para unha Galicia que daquela, e tamén hoxe, precisa de dar saltos cualitativos no seu desenvolvemento. Por desgraza, non puido ser. Aínda que sempre estaremos a tempo de aprender do moito que a súa vida nos pode ensinar.



CRONOLOGÍA

- 1906 Nace en Viveiro o 13 de xuño
- 1916 Trasládase a Santiago e ingresa no Instituto General y Técnico.
- 1923 É un dos nove fundadores do Seminario de Estudos Galegos.
- 1927 Licénciase con Premio extraordinario e é nomeado profesor axudante de Dereito Administrativo na Universidade de Santiago de Compostela.
- 1928 Inicia o servizo militar.
- 1929 Comeza os seus estudos de Ciencia Política en Berlín.
- 1930 Gaña por oposición a praza de profesor auxiliar de Historia do Dereito e Dereito Romano.
- 1931 Marcha a Madrid para facer o doutoramento. Participa no grupo de traballo que elabora o Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia.
- 1932 Aproba o ingreso na Carreira Diplomática.

- 1933 É nomeado secretario de Embaixada, adscrito á Legación de España en Bulgaria.
- 1937 É nomeado cónsul de primeira no Consulado Xeral de Montevideo, pero continúa en Sofía en comisión de servizo. Trasládase ao Ministerio en Valencia, onde estaba daquela o goberno.
- 1938 É nomeado secretario xeral do Ministerio de Estado.
- 1939 Embarca rumbo a América. Pasa por New York e comeza o exilio en Cuba.
- 1940 En xaneiro, arriba a México.
- 1941 Instálase en Montevideo
- 1942 Publica “Rousseau y la doctrina del nazismo” en “Afirmación. Revista de ideas e ideales”.
- 1944 Intégrase na plantilla do xornal El Día, no que viña colaborando.
- 1945 Nace Miguel, o seu primeiro fillo.
- 1946 A Federación de Sociedades Galegas de Bos

Aires premia as súas traducións poéticas.

É nomeado delegado do goberno da República en Montevideo, dimitindo uns meses despois por falta de actividade.

1949 Tobío consegue a cidadanía legal uruguaia.

1950 Colabora coas emisións Sempre en Galiza en Radio Carve.

A Casa de Galicia de Montevideo premia un ensaio seu encol de Pondal.

1954 Nace a súa filla, Constanza.

Publica colaboracións en El Universal e na revista Elite de Caracas. Tamén na revista Galicia do Centro Galego.

1956 Participa activamente na organización do I Congreso da Emigración Galega, celebrado en Bos Aires.

1957 Publícanse os dous primeiros tomos da Historia de Galiza.

1958 Obtén a credencial de tradutor da ONU.

- 1963 Regresa a España. Culmina a tradución galega de “Mutter Courage und ihre Kinder”, peza teatral de Bertolt Brecht.
- 1965 Visita o seu Viveiro natal, despois de décadas de ausencia forzada.
- 1974 Reingresa na carreira diplomática. Publica “Gondomar y su triunfo sobre Raleigh”.
- 1978 Celebra en Santiago as vodas de ouro da promoción 1927-28 da licenciatura en Dereito.
- 1980 Dá a coñecer en edicións do Castro a versión galega de “Os Sonetos a Orféu”, de Rainer María Rilke.
- 1984 O Padroado do Pedrón de Ouro outórgalle o Pergameo de Honra e Loubanza. Publica “A intervención de Gondomar nos problemas internacionais da pesca”.
- 1987 Morre a súa muller, María del Carmen, Melu.
Publica “Gondomar y los católicos ingleses”.
- 1991 A Fundación Otero Pedrayo concédelle o seu galardón anual.

- 1994 Publica as súas memorias, "As Décadas de T.L."
- 1997 A Corporación Municipal de Viveiro concéde-lle a Medalla de Honra.
- Publica a versión galega de "Fausto", de Johann Wolfgang von Goethe.
- 1999 Recibe o premio das Artes e das Letras de Galicia.
- 2000 Ingresa no Consello Asesor do IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional).
- 2001 Recibe unha nutrida e sentida homenaxe no Ateneo de Madrid.
- 2002 Recibe o premio Plácido Castro de Tradución pola súa versión galega do "Fausto".
- 2003 Falece en Madrid aos 96 anos, un 12 de marzo.
- 2005 A Corporación Municipal de Gondomar recoñéceo como Fillo Adoptivo, a título póstumo.

Lois Tobío

AS DECADAS DE T.L.



EDIÇÕES DO CASTRO

BIBLIOGRAFÍA

Do autor

As décadas de T.L., Ediciós do Castro, 1994,

A nova vida, Ediciós do Castro, 2006 (póstuma).

Catro ensaios sobre o Conde de Gondomar, Padroado Ramón Otero Pedrayo, 1991.

Gondomar y los católicos ingleses, Ediciós do Castro, 1987

Gondomar y su triunfo sobre Raleigh, Bibliófilos Gallegos, 1974.

A intervención de Gondomar nos problemas internacionais da pesca, Ediciós do Castro, 1984.

Entre as traducións ao galego, cómpre destacar:

Os sonetos a Orfeu, de Rainer María Rilke, Ediciós do Castro, 1982.

Nai Coraxe e mais os seus fillos, de Bertolt Brecht, Ediciós do Castro, 1987.

Fausto, de Goethe. Laiovento, 1996.

Con Plácido Castro e Florencio Delgado Gurriarán, Antoloxía de poesía inglesa e francesa vertida ao galego, reeditada por Galaxia en 2004.

Sobre o autor

Diéguez Cequiel, Uxío Breogán. O Consello de Galiza, 70 anos despois (1944-2014). En Murguía, Revista Galega de Historia nº 29-30, xaneiro-décembro 2014.

Maseda Maseda, Francisco Fidel. Lois Tobío: vida e obra dun humanista galego e un galeguista universal, Servizo de Publicacións da USC, 2010.

Maseda Maseda, Francisco Fidel. Lois Tobío, o galeguista esquecido. Lóstrego, 2012.

Mejía, Carmen e Palomares, Verónica. Entrevista a Constanza Tobío: La pluralidad intelectual de Lois Tobío. En Madrygal, 2006, 9, páxinas 175-183.

Ríos, Xulio. Lois Tobío, o diplomático que quixo e soubo exercer de galego no mundo, Galegos na Historia, Ir Indo edicións, 2004.

VVAA. Homenaxes a Lois Tobío, Cadernos do Seminario de Sargadelos 88, Sada, 2001.

VVAA. Revista das Letras, Número 506, 11 de Marzo de 2004

Xeral:

Castelao, Sempre en Galiza, Edicións Galiza, Buenos Aires, 1974.

Castro, Xavier. O galeguismo na encrucillada republicana, Tomos I e II. Deputación de Ourense, 1985.

Risco, Vicente. Mitteleuropa, Galaxia, 1984.

Villares, Ramón. Historia de Galicia, Galaxia, 2004.



ÍNDICE

Prologos	7
Presentación	21
1 Retallos básicos da súa biografía	25
2 Aspectos clave da súa traxectoria vital	39
2.1 Tobío e o mundo do Dereito	40
2.2 Seminario de Estudos Galegos	44
2.3 A experiencia alemá: Tobío e Hermann Heller	51
2.4 Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia	58
2.5 A diplomacia.	61
2.6 A ruta do exilio.	76
2.7 O Consello de Galiza	85
2.8 Primeiro Congreso da Emigración Galega	89
2.9 Historia de Galiza	91
2.10 A volta do exilio	92
2.11 O Conde de Gondomar	98

2.12 As Décadas	102
3 Principais facetas da súa personalidade	109
3.1 Político galeguista e universalista	110
3.2 Tradutor	120
3.3 O xornalismo	136
4 As grandes constantes de Lois Tobío	141
4.1 Curiosidade intelectual	142
4.2 Sensibilidade progresista	144
4.3 Un home de acción	146
Cronoloxía	149
Bibliografía	155

